



ONS: UNHA ILLA HABITADA

Paula Ballesteros-Arias
Cristina Sánchez-Carretero

ONS: UNHA ILLA HABITADA



incipit
Instituto de
Ciencias del
Patrimonio



Cultura



**Licenza Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 3.0 España
(CC BY-NC-SA 3.0)**

Permítese copiar, distribuír e comunicar publicamente a obra, sempre que se recoñezan os créditos do mesmo xeito especificado aquí. Non se pode utilizar esta obra con fins comerciais. Permítese alterar, transformar ou xerar unha obra derivada a partir desta. Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.



Ficha técnica:

Título do volume: Ons: unha illa habitada.

Ano: 2013.

Autoría deste libro dixital: Paula Ballesteros-Arias e Cristina Sánchez-Carretero.

Autoría dos textos: Paula Ballesteros-Arias. O capítulo “A súa historia” foi escrito en co-autoría con Mariña Bermúdez Beloso e o prólogo con Cristina Sánchez-Carretero.

Deseño: Chocosoft. **Deseño da liña temporal:** Patricia Martín-Rodilla.

Traducción ao galego: Paula Ballesteros-Arias. Corrección de estilo: Servicio de tradución, Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, exceto o Prólogo por Rosalía Fernández Ríal.

Arquivo fotográfico e audiovisual: As fotografías, audiovisuais e materiais reproducidos que no especifiquen a autoría, pertencen ao arquivo do Incipit (CSIC).

Traballo realizado dentro do proxecto "Procesos de formación e cambio da paisaxe cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia" (HAR2010-22004) do Plan Nacional I+D do Ministerio de Ciencia e Innovación, realizado polo Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

Equipo do proxecto: Paula Ballesteros-Arias, Mariña Bermudez Beloso, Cristina Cancela Cereijo, Virginia Castro Hierro, Felipe Criado-Boado, Juan Martin Dabecies, Marie-Yvone Daire, Alejandro Güimil-Fariña, Elías López-Romero, Anxo Rodríguez-Paz, Cristina Sánchez-Carretero.

Colaboraron:

- Arquivo Histórico da Deputación de Pontevedra
- Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela
- Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela.
- Arquivo Histórico de Bueu
- Museo de Pontevedra
- Museo Massó (Bueu)
- Documentación privada dos descendentes da familia Gelabert Castela
- Documentación privada da familia Riobó
- Concello de Bueu
- Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

ANAINA 2

Serie electrónica de monografías didácticas e de divulgación

Edita:

Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Contacto:

Instituto de Ciencias del Patrimonio
Avenida de Vigo s/n, Campus Universitario Sur
15705 Santiago de Compostela – España
Teléfono +34 881 813 552 Fax +34 881 813 601
E-mail info@incipit.csic.es Web www.incipit.csic.es
ISBN (versión en castellano): 84-616-8699-3
ISBN (versión en gallego): 84-616-8787-6
ISBN (versión en inglés): 84-616-8786-8

Editado por Chocosoft S.L.
www.chocosoft.net

Santiago de Compostela, 2014

Comité Editorial:

Felipe Criado-Boado (director)
Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit), Consejo
Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Carlos Otero-Vilariño (secretario)
Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit), Consejo
Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)

Xosé-Lois Armada
Institute of Archaeology, University College London

Xurxo M. Ayán Vila
Grupo de Investigación en Patrimonio Construido,
Universidad del País Vasco

César Carreras Monfort
Grup de Recerca Òliba; Universitat Oberta de
Catalunya

Isabel Cobas Fernández
Instituto de Enseñanza Secundaria Praia Barraña,
Boiro (A Coruña)

Ángela García Blanco
Departamento de Difusión; Museo Arqueológico
Nacional



PRÓLOGO

OCUPACIÓN E ABANDONO DA ILLA DE ONS (OU A FRAXILIDADE DUNHA PAISAXE PROTEXIDA)

Auga. Ar.

*A amnesia do vencido, a atracción do Abismo,
a Arbre ó pé da Arbre, e a ledicia do espacio circundante.
O Atlántico é a Alma e o Acantilado o corpo da súa
chamada Atroz.*

Lois Pereiro

(Que é Galicia? guión de televisión
emitido pola TVG o 25 de xullo de 1988)

Ons é a única illa habitada do Parque Nacional das Illas Atlánticas. De feito, lonxe de ser unha illa baleira, bucólica, ou inalterada, en 1960 chegou a estar poboada por medio millar de persoas que habitaban en noventa vivendas agrupadas nos barrios de *Caño, Curro,*

Canexol, Pereiró, Cucorno, Chan da Pólvora e Centulo.

O resto das illas do Parque Nacional deixaron de estar habitadas ao longo do século XX, especialmente na década dos setenta. E o mesmo lle sucederá a Ons, que perderá a súa escasa poboación estable en moi pouco tempo. Porén, a súa poboación estacional aumenta. E tamén o turismo. Isto, xunto coa pertenza ao Parque Nacional fai que constitúa un lugar especialmente interesante onde os conflitos, desacordos, empatías, acordos e amizades forman parte da propia dinámica desta illa tan singularmente viva.

Este *libro dixital* céntrase na presenza humana en Ons ao longo do tempo. A fragilidade deste espazo fai especialmente relevante coñecelo a fondo. No libro trátase de responder a cuestións

como, cando e por quen foi habitada ou a quen pertenceu a illa, que vestixios quedaron da presenza humana, como é a vida na actualidade para a media ducia de persoas que habitan a illa, ou como afecta o turismo á illa.

Ademais, deuse especial importancia ás pegadas que a presenza humana deixou ao longo do tempo. As pegadas actuais coñecémolas a través dos testemuños dos habitantes que nos falan da súa vida cotiá, a terra, o mar, as lendas e crenzas, e os cambios recentes na illa: o seu abandono e reocupación, a Guerra Civil e posguerra, os efectos do *Prestige* e o impacto do turismo para a poboación actual.

As pegadas do pasado constitúen un conxunto de entidades culturais de especial singularidade

que quedan recollidas no capítulo "os seus lugares". O arquipélago de Ons, ademais de formar parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e ser, como tal, unha paisaxe natural protexida, é depositaria dunha paisaxe cultural insólita conformada por entidades arqueolóxicas de especial relevancia e por unha paisaxe tradicional constituída polas actividades agrícolas, gandeiras e mariñeiras levadas a cabo polos poboadores da illa ao longo do tempo, e que se plasman tanto na cultura material coma na tradición oral.

Aquí presentámosvos algúns dos resultados dos estudos feitos na Illa de Ons sobre a documentación, rexistro, valorización e vulnerabilidade do seu patrimonio cultural. Gustaríanos que as persoas que o lean se

introduzan no quefacer investigador. Así, por exemplo, no capítulo "as súas xentes" accédese directamente á información recollida a través do traballo de campo etnográfico. O capítulo dedicado á historia das ocupacións e abandonos explica como se realizou esta parte da investigación. A información histórica ofrécese a través de dúas liñas: por unha parte accédese a quen poboou a illa ao longo do tempo (liña de ocupación); e, por outra, accédese a quen posuía a propiedade de Ons (liña de propiedade). O nivel de profundidade da información deixámolo á libre elección das persoas que viaxen a través das páxinas deste libro.

Invitámosvos a escoitar os sons da illa, as palabras dos seus habitantes, a riqueza das súas entidades culturais e a documentación sobre a súa historia.

Se dispón de conexión a internet, recomendámoslle que consulte o vídeo

“Ons: mar, terra e identidade” a través [deste enlace](#).





CAPÍTULO 1

O ARQUIPÉLAGO
DE ONS E O
PARQUE
NACIONAL



O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia engloba aos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada. A súa localización, fronte ás Rías Baixas, crea unha barreira natural ante o océano que acentúa o ambiente estuario das rías. No medio terrestre destacan os sistemas dunares e areaais, os cantís, así como tamén zonas de abrigo, onde se asentaron as diferentes comunidades humanas ao longo do tempo. As formacións vexetais están constituídas polos matos de toxo costeiro, xesta, uz e carpazas, plantas de acantilado, e pequenos bosques de cerquiños e abruñeiros, ademais de arborado de repoboación alóctona de eucaliptos e piñeiros.

Estas illas atópanse nas Rías Baixas. Cíes, Ons e Sálvora sitúanse na entrada das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, respectivamente; e Cortegada no interior da ría de Arousa.

A orixe das illas está relacionada coa orixe das rías e do relevo litoral do noroeste peninsular. A oroxenia hercínica transformou os sedimentos en rochas metamórficas e provocou ascensos sucesivos de magma que se ía solidificando lentamente no interior da codia e formando rochas graníticas. Estas últimas

presentan máis pregamentos u orientación dos seus minerais que as formadas en épocas finais. A posterior erosión das rochas metamórficas deixa ao descuberto ás rochas graníticas (Blanco Chao e Costa-Casais 2001; Martínez-Cortizas e Costa-Casais 1997).

Os granitos son os materiais dominantes sobre os que se labrou unha morfoloxía contrastada entre o leste e o oeste; o leste caracterizado por un relevo baixo e abundancia de areais, o oeste con predominio de acantilados. Entre estes e as praias esténdese un



relevo pouco inclinado sobre o que se depositaron materiais areosos. Esta morfoloxía condiciona tanto o desenvolvemento dos solos como das formacións vexetais ou os cultivos, sen esquecer as condicións microclimáticas que posibilitan o emprazamento dos lugares de poboamento.

O arquipélago de Ons esténdese de norte a sur, en posición perpendicular á ría de Pontevedra, e administrativamente pertence ao concello de Bueu. Está conformado polas illas de Ons e *Onza* ou *Onceta* (sur), e os illotes de *Centulo* (norte) e *Freitosa* (suroeste).

Esta illa ten 6 km de longo por 1,5 de ancho e 414 ha de superficie. A máxima elevación atópase no *Alto do Cucorno*, vértice xeodésico de 128 m de altura, xusto onde se sitúa o faro.

Mapa do arquipélago de Ons xunto ao perfil da costa



Este mapa é interactivo. Prema sobre el para abrilo e usa os controis táctiles ou os que se mostren na pantalla para recorrela.

Dista 3,5 km da costa máis próxima (entre o *Centulo*, zona norte da illa e *Punta Faxilda*, no concello de Sanxenxo) e 8,5 km entre a zona sur e o Cabo Udra, no concello de Bueu.

A illa de Ons presenta dúas vertentes claramente diferenciadas. Cara ao mar aberto do Atlántico caracterízase por ser unha costa abrupta e recortada con pequenas enseadas de coídos, acantilados e covas mariñas ou furnas, sen apenas espazo para os areais. Porén, cara á ría de Pontevedra, os areais



ocupan unha parte moi importante do espazo, presentando a costa un perfil rectilíneo cuxo desnivel descende cara ao mar de forma suave.

No oeste atopamos os pequenos areais de Fontiñas, Liñeiros ou a enseada de Fedorentos, xa no sur. E, no leste, os areais de Melide, Praia das Dornas ou de Curro, Areal dos Cans, Canexol ou Pereiró. Esta morfoloxía condiciona tanto o desenvolvemento dos solos como das formacións vexetais ou os cultivos, sen esquecer as condicións microclimáticas que posibilitan o emprazamento dos lugares de poboamento.



A illa de Onza é un montículo de forma redondeada de 32 ha, de contorna rochosa na que destacan dous areais: o areal das Moscas ao norte, e Porta do Sol ao sur. A parte central é unha ampla penichaira que alcanza os 81 m de altura no Alto de Onza. A vexetación está composta polas plantas de acantilado, abruñeiros e pasto natural na parte central.

Desde o punto de vista climático, o arquipélago de Ons, igual que o resto do Parque Nacional, participa das condicións que caracterizan ás Rías Baixas: clima oceánico húmido con tendencia á aridez estival, temperaturas medias próximas aos 14°C, precipitacións que se aproximan aos 1.500 mm anuais e unha oscilación térmica en torno aos 11°C.

Dende o punto de vista poboacional, Ons é a única illa do Parque Nacional que se atopa habitada. Na actualidade en Ons habitan de forma permanente algo menos de media ducia de persoas aproximadamente. A illa de Ons foi propiedade privada até o ano 1943, cando o estado español a expropiou á familia Riobó aducindo argumentos de defensa militar. Os actuais habitantes da illa descendem dos colonos que habitaron a illa desde principios do século XIX. Practicamente toda a illa foi cultivada, aínda que a gandería tamén tiña un peso fundamental na economía das xentes que a habitaban, complementada coa actividade pesqueira. O resto das illas do Parque Nacional deixaron de estar habitadas ao longo do século XX, especialmente na década dos setenta. E o mesmo lle sucederá a

Ons, que perderá a súa poboación estable en moi pouco tempo.

A illa de Onza nunca foi habitada aínda que alí ían a recoller o toxo e herba para o mantemento da cabana gandeira dos habitantes de Ons, ademais de ser utilizada como lugar de apropiación de recursos mariños.

A protección dos valores naturais das illas iníciase en 1980 cando se declara Parque Natural ao arquipélago das Illas Cíes. Estudos posteriores outórganlle a Cíes o título de zona ZEPA (Zona de Especial Protección para aves) en 1988, e tamén ao arquipélago de Ons en 2001, segundo as directrices da Directiva de Aves 79/40/CEE. Entre as miles de aves que utilizan os acantilados das Ons para aniñar destaca a gaivota patiamarela

(*Laurus michabellis*) e o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*). A visión conxunta de varias zonas costeiras e insulares nesta zona do Atlántico deriva na creación, no ano 2002, do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (Lei 15/2002 de 1 de xullo), na que se inclúen os arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada.

Ons é unha das illas que máis visitantes recibe ao longo do ano. A presión humana sobre as entidades culturais de Ons é, deste xeito, maior que a que podemos observar noutras illas. Un exemplo disto o temos no castro de Castelo dos Mouros, cuxas inmediacións foron utilizadas dende fai tempo para uso agrícola e gandeiro. Pero a entidade máis vulnerable dentro do

conxunto de arquipélagos que compoñen o Parque Nacional é o xacemento romano de *Canexol*. Atópase, en parte, situado baixo o actual camiño da costa leste de Ons e está afectado por una forte erosión mariña. Outros vestixios da illa, como as dúas fortificacións ou baterías de Punta do Castelo (ou *Castelo da Roda*) e Castelo de *Pereiró*, de época moderna o medieval, atópanse en avanzado estado de alteración e moi próximas ao acantilado. Pese a isto, ao estar asentadas directamente sobre o granito, o seu proceso de erosión é menos rápido que o que se observa no caso de *Canexol*, asentado sobre sedimentos máis brandos.



O sur da illa, onde o Buraco do Inferno.



A blurred background image showing a person's hands writing on a notepad with a red pen. The person is wearing a dark blue long-sleeved shirt. The notepad is white with a blue cover. The background is slightly out of focus, emphasizing the text overlay.

CAPÍTULO 2

A INVESTIGACIÓN E O EQUIPO DE TRABALLO

Neste traballo preséntanse algúns resultados dos estudos feitos na Illa de Ons sobre a documentación, rexistro, valorización e vulnerabilidade do seu patrimonio cultural. Este estudo enmárcase dentro do proxecto “Procesos de formación e cambio da paisaxe cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia” (HAR2010-22004) do Plan Nacional I+D do Ministerio de Ciencia e Innovación, realizado polo Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) del Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).



Este proxecto céntrase no recoñecemento e estudo dos procesos socio-culturais que transformaron a paisaxe do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, en concreto, do arquipélago de Ons. Esta investigación ten un plantexamento interdisciplinar que integra diferentes contribucións científicas desde a antropoloxía, historia e arqueoloxía para caracterizar o patrimonio cultural das illas. Cada perspectiva mantén as súas particularidades metodolóxicas, pero a coordinación do proxecto está feita dende a súa vertente antropolóxica para garantir a visión holística do enfoque, partindo do



presente e do traballo de campo etnográfico coa poboación actual, para profundizar no seu pasado.

O arquipélago de Ons, ademais de formaren parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e seren, como tal, unha paisaxe natural protexida, é depositaria dunha paisaxe cultural insólita conformada por entidades arqueolóxicas de especial relevancia e por unha paisaxe tradicional constituída polas actividades agrícolas, gandeiras e mariñeiras levadas a cabo polos poboadores da illa ao longo do tempo, e que se plasman tanto na cultura material como na tradición oral.

A comprensión do pasado do arquipélago de Ons, dende un punto de vista arqueolóxico, histórico e antropológico permítenos comprender

os procesos de poboamento máis antigos e, consecuentemente, os procesos de formación e de transformación que se deron nesta paisaxe. Ou dito doutro xeito, o obxectivo deste traballo é:

- Comprender as formas e os elementos da paisaxe cultural da illa.

- Recuperar datos debidamente contextualizados no seu medio.

- Comprender os procesos de cambio ocorridos nun amplo período de tempo.

Debemos destacar que este traballo leva implícito a idea de que a paisaxe da illa é unha paisaxe cultural, resultado da acción social sobre o medio natural. Polo tanto, este estudo leva consigo a necesidade de artellar formas de

conservación, de estudo e de divulgación, mediante unha xestión da paisaxe como recurso vivo, na que os seus poboadores sexan protagonistas activos.

Os antecedentes deste traballo están nun proxecto realizado no 2009 “Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural da illa de Ons (Bueu, Pontevedra)” financiado, parte polo Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, parte polo Incipit-CSIC, e cuxa memoria foi entregada na Xunta de Galicia en maio de 2010. Nese momento, e tamén en etapas posteriores do proxecto, fixemos un traballo de campo no que conxugamos a prospección superficial arqueolóxica co traballo de observación participante coa comunidade

insular, ao tempo que tiñamos en conta a documentación histórica na que iamos encaixando os datos obtidos.

Neste amplo proceso de traballo e de estudo participamos moitos investigadores e persoal colaborador. Grazas a eles está sendo posible indagar no pasado pero tamén no presente da illa e dos seus moradores:

Paula Ballesteros-Arias, levou a cabo as direccións das actuacións arqueolóxicas, formou parte do grupo de traballo de campo etnográfico, e coordinou a realización desta aplicación e das visualizacións e redaccións da información.

Mariña Bermúdez Beloso, encargouse das tarefas de baleirado bibliográfico e de documentación histórica da illa de Ons, así como

de dotar de contidos a parte histórica do presente traballo.

Alejandro Güimil-Fariña, formou parte do equipo técnico e colabora no tratamento da información arqueolóxica e xeográfica.

Cristina Cancela Cereijo, formou parte do equipo técnico e do tratamento da información arqueolóxica.

Virginia Castro Hierro, formou parte do equipo técnico e do tratamento da información arqueolóxica. Felipe Criado-Boado, formou parte da dirección científica dos proxectos vinculados a este estudo.

Elías López-Romero, formou parte do equipo técnico e do tratamento da información

arqueolóxica. Foi o realizador do estudo de vulnerabilidade do patrimonio cultural que realizou xunto con Marie-Yvone Daire do CReAAH, Universidade de Rennes.

Juan Martín Dabecies, realizou a maior parte das vídeo-gravacións feitas na illa así como a realización do vídeo *Ons: mar, terra e identidade* que aparece nesta aplicación.

Anxo Rodríguez-Paz, levou a cabo a realización dos debuxos dos materiais arqueolóxicos localizados na illa, e colabora no deseño e organización da parte histórica do presente traballo.


Cristina Sánchez-Carretero, investigadora principal do proxecto no que se encadra este estudo, coordinou o traballo antropolóxico e

formou parte do grupo de traballo de campo etnográfico.

Ademais este traballo tamén foi posible grazas a moita xente que desinteresadamente colaborou e colabora con nós, aos xestores e xestoras e aos traballadores e traballadoras do Parque Nacional facendo sempre posible que o noso traballo se faga sen complicacións, a Ángela Ballesteros por abrírnos as portas dos isleños, a Santiago Corral por termos sempre actualizados do que sucede na illa, a Xurxo Mouriño polo seu coñecemento da natureza. Pero, sobre todo, queremos mostrar o noso agradecemento á xente da illa, sen ela, sen a súa acollida e hospitalidade, non sería posible

facer este traballo e moito menos deste xeito tan gratificante.

A investigación e o equipo de traballo



CAPÍTULO 3

A SÚA XENTE



A illa de Ons estivo habitada de forma permanente dende o século XIX. A mediados do século XX é cando se rexistra o maior nivel de ocupación. A partires dese momento comeza a súa caída, especialmente a partires dos anos 70/80 que será cando comece o acelerado descenso da súa poboación, as súas vivendas queden en estado ruinoso e os campos de cultivo abandonados. Na actualidade na illa viven de forma permanente aproximadamente media ducia de persoas, ademais de varios traballadores do Parque Nacional (un garda e varios operarios). Esta poboación vese incrementada notablemente en época estival, cando a maior parte das familias retornan as súas casas, aumenta o número de empregados do Parque Nacional, e o turismo fai patente a súa presenza, dando lugar a un gran dinamismo social e

favorecendo un crecente impacto na economía local.

A xente de hoxe son os descendentes dos antigos colonos da illa, que desde mediados do século XIX instaláronse nela. Procedían principalmente da zona do Salnés, de Sanxenxo, Noalla e posteriormente da península do Morrazo: Loira, Meira, Bueu ou Cangas. Nun principio, os veciños das zonas costeiras máis próximas traballaban as terras baldías, ás que levaban o gando e das que recollían o toxo para fertilizar as terras de labradío de terra firme, nunha illa que pertencía á Igrexa. Será a partir da Desamortización do 1836 cando pase a mans privadas, primeiro á familia Valladares e posteriormente á de Riobó, cando algúns deses primeiros colonos decidan asentarse

definitivamente na illa enfrontándose ás roturacións dunhas terras que levaban sen traballar séculos. Eles non eran donos das terras e polo seu uso debíanlle de pagar unha renda ao dono, o amo, unha parte dos froitos da terra (o millo) e os froitos do mar (todo o polbo que pescaban tíñanllo que vender).

Lonxe de pensar nunha illa bucólica, baleira ou afastada, no seu momento máis álxido chegou a ser poboada por medio millar de persoas que habitaban en oitenta vivendas agrupadas en barrios: *Caño, Curro, Canexol, Pereiró, Chan da Pólvora, Cucorno e Centulo*.



Imaxinemos un momento de intenso tránsito pola illa a mediados do século XX:

Xente traballando no mar: en 1942 estaban rexistradas 150 dornas dedicadas á pesca do polbo. Na fábrica de salgadura, nos secadoiros de polbo, na pesca a pé, no marisqueo, na recollida do sargazo... Xente traballando a terra: a principal fonte de sustento debido a que os longos temporais de inverno facían imposible vivir cara o mar. Pensemos

que a totalidade do territorio da illa estaba traballado. O que non era para labradío o era para recoller o toxo pequeno, co que estrumaban as

terras, ou o toxo grande para quentar a cociña, e terras ambivalentes que mantiñan o gando e producían cereal. Non había máis terra, é a que é, un territorio acoutado no que os límites os pon o mar. Había escola á que asistían os nenos e nenas no tempo roubado ás tarefas domésticas. Os intercambios económicos, as tabernas, os traballos comunais.

Tamén lles chegou a Guerra Civil e a fame na postguerra. A falta de madeira para quentar a cociña facía que os que tiñan menos recursos e, polo tanto, menos terras, tiveran que ir a Onza na dorna a recoller o toxo grande xa queimado polos continuos incendios para aprobeitalo, aínda que todos ían alí a recoller a herba que crecía de forma

natural para alimentar o seu gando. Tamén roubaban algún piñeiro, a escondidas.

Agora, imaxinemos un momento o tránsito entre a illa e o continente. A obtención de recursos mariños na illa, como o polbo e o percebe, e a súa posterior venta no continente. No imaxinario simbólico, a procesión dos mortos “A Santa compañía” ven do punto máis preto de terra firme, alá na *Lanzada*, atravesando o mar para chegar á illa polo areal de *Meliðe* e desaparecer finalmente no camposanto da illa. En Beluso está a súa parroquia. Alí, en ocasións, cando non viña o cura á illa, ían a bautizar, a casar ou, máis recentemente a enterrarse.

Pero chegaron os anos 60, e con eles a expropiación da illa polo Estado, pasando a


depende agora do Instituto Nacional de Colonización. Neste momento decídese facer unha reforma integral da illa argumentando, como noutros casos ocorridos na península, a necesidade de efectuar unha reforma social e económica da terra despois da Guerra Civil.

Baixo estes parámetros decídese construír unha nova aldea en Curro. Alí estarían agora os edificios públicos, ocupando os terreos da antiga fábrica de salgadura, co fin de centralizar os usos públicos e comerciais para un control máis efectivo destas actividades. Constrúese unha nova igrexa en substitución da que había en Canexol, faise unha nova escola separando agora aos nenos e nenas substituíndo á que xa tamén había en Canexol, faixe unha casa para o mestre, para o cura, para o

médico, a “Casa forestal”, lavadoiros comunitarios, e incluso un graneiro de tipo castelán. Pero non se construíu un embarcadorio novo solicitado polos



Barco de ida.



mariñeiros insulares. A maior parte deles xa estaban dando o cambio da dorna polos modernos barcos a motor. As dornas varaban na praia pero estes barcos non. Necesitábase un embarcadoiro en condicións que lles desa abrigo as novas embarcacións. Pero, ante as continuas negativas, pouco a pouco os habitantes da illa foron marchando para Bueu, onde si tiñan un embarcadoiro que reunía as condicións aptas para o seu amarre. Marcharon os mariñeiros e a súas

familias. A escola usouse poucos anos, a vivenda do cura e do médico nunca se chegaron a utilizar, o graneiro menos. En 1980 a illa estaba practicamente abandonada.

Agora é outra illa. Agora hai outro tipo de poboamento marcadamente estacional, xorden outro tipo de problemas o seren Parque Nacional, hai outro usos que nada teñen que ver cos do pasado, outros conflitos que solucionar.



Quizais non todo se perdeu. A vida, a morte, as festas, as enfermidades, as sanacións, os remedios, o lume, os contos, as lendas, o vento, o mar, a terra, ... o coñecemento da xente da illa aínda está na memoria dalgúns, creando tamén outra nova. Os que quedan son os herdeiros do coñecemento absoluto do seu territorio e do ciclo da vida e da morte que nel se mesturaban.

A súa vida cotiá

Fálase dos temas relacionados coa vida diaria, as tarefas da casa, os ríos onde lavan a roupa e ían a buscala auga, o coidado dos nenos, a escola, as festas, o contacto con terra firme “co continente”, ...

Cando nacían os meniños...

“Cando nacían os meniños, o cordón cortabámolo nós. Collías coa uña, queimabas a uña, puñas a uña o calor do lume e, de alí, poñíasllo no embligo para que cicatrizara máis pronto, porque era para que curara mellor”.

(Chefa, Nota de caderno de campo)



O barco de Pancho, a conexión coa terra firme



Isolina lavando a roupa, conta como se fai o xabón.



Esther conta cando ían a lavar e a buscar auga ao río de *Canexol*.



Pepe e cesáreo lembran aquilo máis bonito que tiña a illa..., as festas, especialmente o carnaval...



Isolina conta como coidaban dos recém nacidos, sobre os remedios que utilizaban para cauterizalo embigo.



Un día de traballo para Victoria



A escola

A terra

A illa é un agradecido anaco de terra cultivado ata os limites que impón o mar. As súas xentes traballaron a terra e a fertilizaron con toxo mesturado cos excrementos do gando e tamén coas algas que recollían do mar. Fálannos dos nomes con que identificaban cada finca, os cultivos, o vento que tanto influía, do millo, e do pan...

Espantar aos paxaros...

“Viñan as choias e o corvo Manteiro... Cando se botaban as sementes había que estar de guarda porque o comían os corvos. O millo o comían cando se sementaba e tamén cando espigaba (...) En cada veiga tiña que haber unha persoa. Levaban unha «fonda» (honda) e con pedras espantaban ao paxaros”. Emilio recuerda que un hombre, hacía estallidos con una bombona para espantarlos, pero pronto se acostumbraban y volvían.

(Emilio, Nota do caderno de campo, 04, 2011).



Os nomes da terra



Sucala terra e sementala. “*O casal era moito*”.



O estrume para abonalar
terras. Tamén ían ás
algas, o golfeiro, “*o tal-
abono*”.



Os útiles agrarios. Esther conta
para que sirva a *gancha* e demais
ferramentas de labranza.



A Onza ían a buscar
herba para o gando.



Conta Carme que cando eran pequenas
levaban o gando a pastar ao monte...
“todo estaba cheo de fincas...”



Os cultivos e a nortada.



O muíño de man
e o sabor do pan.



Esther fálanos dos cuncos de pedra. Uns son
para as galiñas e outros para os porcos.

O mar

A pesca tradicional, o marisqueo, os nomes do mar e das rochas... o mar é un espazo de supervivencia que mesmo facilitou a introdución da economía monetaria nas familias de illa.



Os aparellos de pesca tradicionais. As liñas de tanza, os cotelos, as rañas. A pesca do polbo.



As piteras para pescalo choco.



Os nomes do mar: *O Cairo, Os Cons Pequenos, A Laxe do Crego...* A lenda da *Laxe do Crego. A Malaca de Fora* e a de *Terra*.



Ana selecciona e limpa os percebes que os compañeiros van recollendo.

Lendas e crenzas

Aparece unha paisaxe máxica, misteriosa, de visións e de crenzas onde o mundo dos mortos e dos vivos comparten o mesmo espazo. A división entre un lado e outro é tan feble que en ocasións o límite dilúese e desaparece.



Os moros estiveron na illa. A pólvora da
Chan da Pólvora.



Como se ve o castro dende o mar. *La
Cova dos Mouros.*



Os moros estiveron na illa. A pólvora de
Chan da Pólvora. (Continuación)



A Laxe do Crego



A Santa Compañá.



Segundo conta Esther, a cova era o escondedoiro dos moros na época da guerra.



Rogelio conta cómo podías evitar que che meteran o facho...



A Cova dos Mouros. Como é a cova e a súa lenda.

Cambios recentes na illa



Abórdanse temas recentes, sobre o abandono e reocupación da illa, a Guerra Civil e postguerra, o naufraxio do Bersac, buque francés relacionado coa contenda da II Guerra Mundial, e o desastre do afundimento do *Prestige*.



Pepe lembra a postguerra *“Pasouse moita fame”*. *“O gobernador traía un pan que amargaba moito, había que ferverlo, senón non se comía”*.




Na postguerra. *“Non había para comprar pan”*. *“Daquela eramos case 500 persoas na illa”*.



A II Guerra Mundial, o naufraxio do *Bersac* en 1940. O *Bersac* foi un buque francés que navegaba pola costa galega procurando disuadir aos submarinos alemáns. O barco estaba composto por 62 homes dos que 45 foron rescatados do mar con vida, 7 mortos, segundos Pazos (2002, 187) trasladados a Vigo e 10 desaparecidos. Marcelino conta mariñeiros da illa de Ons participaron nas tarefas de rescate nun día de forte temporal, e como algúns dos mortos se lle dou sepultura no camposanto da illa.



A illa se foi abandonando e cando se retornou a ela... “todo estaba lleno de maleza”. No había baños, "es que no había nada..." lembra Ana.



Non había porto. Entre os socios facían roldas para durmir a bordo dos barcos de motor por mor de perdelos. “*Co sur, había que coller porto*”.



Aurita conta cómo era a súa casa antes dos amáños. O primeiro cuarto de baño da illa.



O desastre do
Prestige.


Vistas e sons

Escoita a illa...





Silo recollendo percebe nun día tranquilo.
O son do mar e das gaivotas



O son do mar. Na illa de Onza.



Isolina lavando roupa.



O mar batendo na costa de
poniente un día de névoa.



Unha noite na illa. Camilo facendo
resoar o caixón.



A Fonte de Caniveliñas.



O son do mar.



Unha *craba* en Pereiró



O día do patrón, a procesión de San Xaquín.



O mar batendo na costa oeste nun día soleado.



Esther coas súas galiñas.

CAPÍTULO 4

OS SEUS LUGARES



Ao longo do tempo, todas as illas do Parque Nacional pasaron por situacións similares debido á súa relativa proximidade á costa: en todas elas establecéronse ou tiveron contacto os diversos grupos humanos nas diferentes etapas cronolóxicas e culturais da prehistoria e da historia, deixando unha maior ou menor pegada en cada unha delas.

As ocupacións identificadas na illa de Ons concéntranse nas zonas leste e sueste da illa, é dicir, mirando cara o interior das rías e o continente. Esta organización responde a varios condicionantes. En primeiro lugar, estas vertentes son as que presentan una topografía menos escarpada e se atopan mellor protexidas dos embates do océano Atlántico; a posición da illa no

eixo da desembocadura das rías favorece aínda máis este illamento respecto ao mar aberto. Son as

Mapa de las entidades culturales



Pulse sobre el mapa para desplegar un mapa interactivo. Requiere conexión a Internet.

áreas mellor protexidas dos ventos do norte e oeste, onde se atopan as áreas de desembarco e amarre. A súa situación permite establecer o contacto visual co continente e co resto das illas. Por último, a abundancia de auga doce foi un dos motivos que permitiron o establecemento da poboación.

Para os primeiros momentos de ocupación na illa de Ons, unicamente contamos coas referencias bibliográficas que así o testemuñan. Segundo a bibliografía, hai evidencias do Paleolítico-Epipaleolítico (11000 - 5000 a. C.) ao que seica poderían pertencer un raspador de gneis e unha peza trapezoidal de granito tallado (Vilas et al 2005), materiais líticos de especial relevancia (Filgueira et al 1954, 44), pero dos que se

descoñece o seu lugar de procedencia, o seu contexto arqueolóxico e tamén o seu depósito.

Sucede o mesmo para o Neolítico (4750 - 2600 a. C.). Xurxo Lourenzo, no seu *Diario Arqueolóxico* (1934), di que na súa corta viaxe



pola illa tiveron noticias de mámoas e de “camiños cubertos” aínda que non puideron ser comprobados. Álvaro das Casas (1934) tamén fala de presuntas mámoas e de ósos humanos descubertos en paraxes distantes do actual cemiterio.

Porén, a partires da Idade do Bronce (2600 - 900 a. C.) atopámonos cun amplo rexistro de cultura material, testemuña da ocupación humana e que ven a conformar unha paisaxe artificial construída ao

longo do tempo. Por exemplo, varios gravados rupestres e dous machados de talón, da Idade do Bronce. Un asentamento fortificado pertencente á Idade do Ferro (800 a. C. – 100 d. C.), unha instalación de salgadura época romana (s. I – IV d. C.). Para a época medieval (s. IV - XV) e moderna (S. XV - XVIII) hai evidencias de ocupacións monásticas e militares, e outro tipo de entidades máis recentes relacionadas cos poboados de carácter tradicional, as construcións para o culto, as actividades pesqueiras e comerciais ou mesmo os fitos marítimos fixados na paisaxe coma os faros.



Dentro deste patrimonio construído debemos ter en conta un elemento fundamental na formación e construción da paisaxe da illa: as pegadas da paisaxe agraria tradicional. Esta paisaxe ven remarcar a insularidade debido a que os longos temporais de inverno facían imposible vivir cara o mar e, polo tanto, limitaban os seus ingresos e condicionaban a súa propia subsistencia. Estes elementos abarcan as terrazas e bancais de cultivo, os muros de parcelación, os camiños, os canais de rego e drenaxes de auga, entre outros. Neste sentido, a illa é rica en abondosos regatos estacionais, en fontes e en acuíferos. Todos os barrios que se espallan pola



illa contan coa súa fonte de auga e o seu lavadoiro, o que lles permitía utilizar a auga sobrante para o rego das fincas de labranza. A estes lavadoiros, a xente da illa, ademais de ir a

lavala roupa, era onde ia a coller a auga para o servizo doméstico. Chamábanlle, e aínda continúan chamándolle "ir ao río".

Así mesmo, a paisaxe mariñeira complementase coa anterior xa que en palabras de Staffan Mörling (2006) “O par de vacas, o xugo de bois e a dorna eran as bases da economía do fogar da illa”. Asociado a esta diversidade económica hai un variado elenco de construcións coma as propias vivendas,

hórreos, pontellas, alpendres, eiras e demais construcións que manteñen o carácter tradicional desta illa.

As vivendas están agrupadas en conxuntos máis ou menos concentrados, chamados barrios. Estes barrios son: *Curro*, *Caño*, *Canexol*, *Pereiró*, *Chan da Pólvora*, *Cucorno* e *Centulo*. Na bibliografía consultada ás veces aparece nomeado o barrio de *Labenco*, que o sitúan entre as últimas casas de *Caño* e as primeiras de *Cucorno*. *Espedregalla* sería outro lugar, entre os barrios de *Canexol* e *Pereiró*, no que só hai unha vivenda.

Entre *Curro* e *Caño* é onde se atopa a maior concentración de vivendas. En *Curro*, está o embarcadoiro, as instalacións do Parque Nacional, os bares e restaurantes, o Centro de

Visitantes... *Chan da Pólvora*, continuación do barrio de *Caño* cara o oeste, está conformado por unha pequena agrupación de vivendas situadas



nunha escada que antecede ao amplo chan de *As Xabreiras* cara o sur, e é onde se atopa a zona de acampada.

O barrio de *Canexol*, antigamente, era un lugar bastante transitado, pois aquí atopábase a igrexa máis a escola e, entre unha construción e outra, “o eirao”, o lugar onde se facía a festa no patrón.

Na zona sur da illa atópase o barrio de *Pereiró*, cunha interesante e singular distribución de vivendas e cun pequeno areal que servía puntualmente de embarcadero. Alí tamén está as instalacións do campamento da Xunta de Galicia.

A medida que imos cara o sur, a distribución de vivendas faise máis dispersa. Así, en *Cucorno*, a pesares de haber un núcleo importante de vivendas, con extensas zonas de campos de




cultivo, as casas non están tan concentradas como no resto dos barrios, mais algunha vivenda está en ruínas; tamén hai que ter en conta que esta é unha zona alta (aquí está o faro), máis costenta e máis lonxe do embarcadoiro.

O barrio de *Centulo* é o barrio máis setentrional da illa, onde as vivendas están totalmente dispersas, sen formar agrupacións. Estas foron as últimas en construírse e as primeiras en abandonarse; de feito, hoxe en día, a pesares de que moitas vivendas da illa foron restauradas e habilitadas para facer uso delas en tempada estival, a maior parte das vivendas do *Centulo* seguen en estado de ruína.

Un dato a ter en conta é que, en 1981, de Llano rexistra que entre *Curro* e o extremo noroeste da

illa, *Centulo*, as edificacións mellor conservadas son as que se atopan máis próximas ao embarcadoiro. O resto, incluídas as oito vivendas que estaban habitadas en *Centulo*, situadas sobre a praia de *Melide*, estaban desaparecidas ou en ruínas. Nese momento dos anos 80, en *Cucorno*, das 20 edificacións só catro están temporalmente ocupadas (de Llano 1981, 29).



Recorte procedente dun mapa cartográfico,
escala 1:50.000, 184, O Grove. Instituto
Geográfico y Catastral, 1ª edición 1942.

Mapa da illa de Ons e Onza xunto ao perfil da costa galega





O Castelo dos Mouros

Trátase dun asentamento fortificado da Idade do Ferro. Esta entidade está situada sobre a ladeira dun outeiro denominado *Alto de Altura*, xusto no lugar máis estreito da illa, nunha antiga zona agrícola. A xente da illa tamén chama *O Castillo* ou *O Castillo Vello*.

O asentamento ten un único recinto habitacional, inclinado cara o leste, está rodeado por un foxo e un parapeto, ambos con máis potencia no arco norte-oeste-sur. Ademais, obsérvase, o que parecen ser, na parte oeste, dous pequenos foxos separados por un pequeno parapeto.

A través das notas cedidas por José Manuel Caamaño Gesto, tomadas dunha prospección realizada na illa en 1985, apréciase un maior detalle na descrición, xa que nese momento a vexetación era menos abundante e, polo tanto, resultou máis doado acceder ao

recinto e ver as estruturas asociadas:

“O xacemento castrexo é de forma elíptica. Croa en desnivel cara o lado leste. Ten foxos e terrapléns. Na zona oeste sucédense tres foxos que alternan con terrapléns e parapetos. Na zona suroeste, o primeiro foxo está escavado na rocha, precisamente este foso rodea todo o castro. En canto aos sistemas de acceso, non se aprecia con

Pepe fálanos do castro e do *Buraco dos Mouros*.



claridade ningunha porta de acceso, pero pensamos que estaría situada na parte leste que é a máis accesible”.

Segundo apunta Caamaño “aparece

cerámica común romana, *tégula* e se aprecian restos de muros rectangulares, postos ao descuberto por furtivos. Estas construcións se están ubicadas na zona norte do castro. Tamén nesta zona puidemos ver os restos dun pequeno concheiro no que aparecen lapas, mexillóns e osos de animais”. Incluso apunta que “con posterioridade puido ver un fragmento de cerámica *sigilata* hispánica atopado no castro”.

Estes datos puideron ser contrastados nunha prospección feita no castro por nós, no 2012. Efectivamente documentouse na parte máis alta, ao norte, un depósito de cunchas nunha escavación feita por furtivos. Pola súa escaseza pode tratarse dunha zona marxinal dun depósito maior y mellor definido, ou simplemente dun

depósito singular. Está conformado basicamente por lapas e mexillóns de pequeno tamaño. Na superficie había restos de *tégula* e de *ímbrices* ademais de materiais construtivos tipo ladrillo de diverso tamaño e en diferente grao de rodamento e estado de conservación. Isto é un indicador de que o uso e ocupación deste asentamento fortificado estendeuse, polo menos ata época romana.

Desde o punto de vista interpretativo, unha vez visto o lugar e cruzando información asociada pode dicirse que é posíbel que as estruturas defensivas pechen o asentamento polo lado oeste, chegando ata a liña de acantilado actual.

Nas proximidades do castro, a uns 10 m ao sur do primeiro foxo, onde hai unha grande parede de

granito que foi rota e adaptada a este primeiro foxo, atópase a *Cova dos Mouros* (Ballesteros-Arias 2009, 87), cova natural que conecta, mediante un túnel imaxinario, este castro co illote do *Cairo*, fronte ao areal de *Canexol* e cuxa lenda forma parte da tradición oral dos habitantes da illa de Ons.

O Castrelo dos Mouros



Localización xeográfica.





A Cova dos Mouros

Tamén chamada pola xente da illa *O Buraco dos Moros*. Trátase dunha cova con lenda asociada, situada dentro do ámbito de extensión do *Castrelo dos Mouros*, ao sur do primeiro foxo. A esta cova accédese por medio dunha estreita fenda que hai entre dúas laxes graníticas, hoxe en día cuberta de vexetación. A través desta fenda accédese a un pequeno recinto onde, cara ao oeste, parece que, a través dun estreito pasadizo, accédese a un segundo recinto. Esta é unha cova que dou lugar a unha lenda na que o imaxinario popular conta que hai un túnel que vai dende esta cova ata o illote de *O Cairo* situado no medio do mar, enfronte de *Canexol*, que pola súa forma e tamaño destaca entre o resto das rochas da súa contorna. De feito, o topónimo de *cairo* (=dente canino) viría da súa forma característica de petón apuntado. É dicir, estase a unir de

forma imaxinaria o castro cun illote que está no mar a través dun canal imaxinario.

Esta lenda xa foi recollida por Álvaro das Casas (1934):

“Outro mozo -e sinto en verdade non lembrar o seu nome- contoume que no buraco dos mouros gárdase moito ouro e pedraría. Moitos veciños teimaron procuralo e alá foron cabar semáns enteiras, máis cando adiantaban un pouco no seu traballo por embaixo da terra, apagábanselle os lumes: e porque dentro moran os trasnos da illa que sopran total-as luces cando se xulgan descubertos. Nesta cova -díxome a vella de 68 anos Ramona Domínguez- a miña nora que andaba co seu gando a pacer viu un crego todo revestido cun bastón na man; a miña nora tremeu

e berrou pol-o seu pai toda arrepiada, e o pai díxolle: non teñas medo mina filla que é un encanto” (das Casas 1934, 173).

Portela Pazos (1954) describe a cova deste xeito:

“Al final del primer tramo de tal pasillo encuéntranse tres o cuatro escalones, en descenso. Siguen otros varios tramos, también con escalones al final de cada uno; no se sabe cuántos, porque nadie se atreve a pasar del tercero, ya que, al llegar a éste, se apaga la luz de aceite o de velas, bien por corriente de aire, que no se aprecia, o por falta de oxígeno. De desear sería que se procediese a una exploración científica” (Portela Pazos 1954, 72).


Así mesmo, Irene Patiño Otero, veciña de Ons, nunha entrevista feita no 2007, falábanos da cova deste xeito:

“Eu escoitaba dos antigos que había un túnel que ía dende o Buraco dos Mouros, que baixabas por unhas escaleiras que alí había e ías a dar O Cairo por debaixo do mar. Cando eramos pequenos e íamos co gando a pastar por alí, íamos ao buraco e baixabamos polas escaleiras pero, cando se facía escuro, escapabamos correndo para fora. Escoitabamos da xente que alí estivera que no buraco había moito ouro pero nós nunca o miramos...”. (Ballesteros 2009, 87).



Esther cóntanos como é a *Cova dos Mouros*. Ela entraba de pequena xunto con outros nenos.

A Cova dos Mouros



Localización xeográfica.





Xacemento romano de Canexol

Posible manufactura de salgadura de peixe, localizada ao longo do perfil da enseada de *Canexol* e intimamente relacionada coa actividade pesqueira e comercial da illa co resto das illas e co o continente (Ballesteros-Arias 2009) onde son moi abundantes (Suárez Piñeiro 2003). Polas estruturas documentadas e polos materiais construtivos e cerámicos que aparecen, este xacemento arqueolóxico pertence a época romana.

Entre a vexetación, que cubre parte do perfil, distinguimos diferentes estruturas, entre as que destacamos de norte a sur unha fosa en forma de “U” de uso descoñecido. A seguinte estrutura que se aprecia correspóndese con parte dun muro feito con mampostos de granito coas súas caras escuadradas. Entre os horizontes naturais do solo, pódese distinguir, unha especie de cimentación, realizada

cunha argamasa a base de seixo e cal duns 3 / 4 cm de grosor e que está presente en case todo o perfil estratigráfico do areal. Máis ao sur, distínguense unhas laxes de granito, dispostas de xeito horizontal, a modo de pontella, aínda que o seu oco está recheo de cachotes de pedra granítica e de cantos rodados.

A partir desta estrutura, cara ao sur, é onde se atopan os vestixios máis visibles deste xacemento, os máis evidentes para poder vincular este lugar cunha factoría de salgadura de peixe. Sobre o horizonte natural de xabre regularizado, dispónse un leito de cantos rodados e pedras de formas irregulares tendentes a forma cuadrangular. Sobre este leito, levántanse tres muros paralelos distantes uns dos outros 1,5 m aproximadamente.

Son muros de dobre cara, compostos por pedras de granito de formas cuadrangulares e pouco grosor, dispostas unhas enriba das outras a modo de lousetas. A base e a parte interior dos muros teñen un revestimento composto por un morteiro realizado a base de seixo moi fragmentado e cal, compactado e aprisionado, xa aparece caracterizado en tramos anteriores. É o chamado *opus signinum*, morteiro utilizado para impermeabilizar construcións





Explicación do xacemento de *Canexol*.



Continuación da explicación do xacemento de *Canexol*.

relacionadas con estruturas hidráulicas como canais, estanques, cisternas, piscinas, etc... De feito, o seixo está composto por dióxido de silíceo que funciona como un desecante natural, illante da humidade no lugar no que se atopa.

Polo que se pode apreciar, e por comparación co rexistro arqueolóxico documentado noutros xacementos de similares características, parece que estes muros formarían parte dunhas pías para a salgadura do peixe. Cada unha destas estruturas aparecen colmatadas por pedras, *tégulas* (tellas planas de reborde) e *úmbrices* (tellas curvas) en diferente grao de rodamento e fragmentación, carbóns de diferentes tamaños, ósos procedentes de

mamíferos e de peixes, podendo ser froito tanto do seu antigo uso mesturado cos derrubes ou/ e da amortizacións destas estruturas como vertedoiro. Sobre estas estruturas distínguese un amplo paquete de terra non moi orgánica e de gran fino de características similares ao que aparece selando a fosa que se describiu en primeiro lugar, o que leva a pensar que parece que foi depositado todo ao mesmo tempo coa intención de cubrir estes diferentes elementos construtivos e aplanar o terreo para darlle un novo uso.


De modo aclaratorio, os materiais de cubrición, *tégulas* e *ímbrices*, que aparecen neste xacemento son sinais evidentes de romanidade xa que o seu uso desaparece a principios da Idade Media sendo substituídos pola cobertura realizada só con

ímbrices dispostos en fiadas paralelas e alternando o dereito e o revés, sistema que perdura ata hoxe. Por outra beira, a *tégula* non só foi utilizada para a cuberta senón que tamén foi utilizada para pavimentos, canalizacións, tumbas, etc., funcións que se alongaron no tempo xa que aparecen tamén en rexistros altomedievais.




Fraxilidade do xacemento de *Canexol*

Yacimiento romano de Canexol



Localización xeográfica.






Petróglifo de Chan da Pólvora I

Este petróglifo está no *Chan da Pólvora*, chaira situada aproximadamente no centro-sur da illa, que desemboca cara ao sur nun val denominado *As Xabreiras*. Está feito sobre un afloramento de xisto cunha orientación xeral norte-sur. Nel hai gravados con diferentes motivos: coviñas, círculos e restos de círculos concéntricos con coviña central, de distintos tamaños e diferente forma e estado de conservación.

Están feitos aproveitando os planos máis horizontais da rocha, tanto en altura como a ras do solo, así como nas zonas máis sobresaíntes, coa posible intención de facer os motivos máis visíbeis. Os gravados concéntranse na metade leste e sueste, onde a laxa ten máis altura e a superficie é máis chan. Os restos visíbeis dos círculos concéntricos atópanse moi erosionados e nalgúns casos esta erosión

eliminou a metade do motivo. Non podemos descartar que o panel tivera en orixe máis figuras, hoxe irrecoñecíbeis polo seu grado de alteración. Dende o gravado hai unha ampla visibilidade da metade sur da illa, tanto da costa leste como da oeste, así como da illa de Onza e as illas Cíes.

No que



respecta ao momento cronolóxico e cultural no que foi feito, os círculos concéntricos son uns dos motivos máis característicos do Estilo Atlántico, o cal se adscribe, en boa medida, á Idade do Bronce. De feito, para este momento pódense vincular o achado, a mediados do século XX, de dous machados de talón sen que se saiba deles nin o seu lugar concreto de procedencia, nin o contexto arqueolóxico ou mesmo a autoría do achado. Tendo en conta os escasos datos, podemos supor que na illa de Ons, posiblemente en torno aos anos 50, recuperáronse dous machados de talón que, segundo a *Carta Arqueolóxica da Provincia de Pontevedra* (Filgueira e Alén 1954, 76) son de dous aneis, e que, segundo a bibliografía, estaban en depósito no Museo de Pontevedra coa numeración 2811 e 2823. Luís

Monteagudo debuxou, no seu tempo, o machado que se corresponde coa numeración 2811 e que aparece na súa obra *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel* (1977, 228). Na actualidade, este machado atópase no depósito do Museo

Arqueolóxico de Pontevedra e o segundo machado en depósito descoñecido.

Este gravado foi atopado en 2009 pola Asociación Piñeiróns, segundo as referencias que tiñan de Fernando Alonso Romero, quen o




descubrira xunto coa súa muller, María
Castroviejo, nos anos 70.

Petróglifo do Chan da Pólvora I



Localización xeográfica.





Petróglifo do Chan da Pólvora II

Petróglifo feito sobre un afloramento de xisto de orientación norte - sur, localizado no *Chan da Pólvora*, chaira situada aproximadamente no centro - sur da illa, que desemboca cara ao sur no val das *Xabreiras*. Os motivos gravados son coviñas de diferentes tamaños e formas, localizados nos diferentes planos da rocha así como nas arestas sobresaíntes da mesma.

Non se pode precisar a cronoloxía do gravado porque tanto as coviñas como os círculos simples son motivos difíciles de datar por ser motivos moi comúns e recorrentes ao longo do tempo, por iso estes elementos englóbanse na prehistoria sen poder concretar unha etapa determinada, a falta dun estudo máis intensivo dos mesmos.


Tanto polo seu emprazamento como pola visibilidade a curta e longa distancia cara o mar e cara a entrada da ría, podería estar

asociado ás liñas de tránsito costeiras (a posible relación entre petróglifos galegos e tráfico marítimo é sinalada por Santos e Seoane 2006 e Seoane 2005). Ao igual que o resto dos petróglifos costeiros os de Ons sitúanse en puntos estratéxicos desde os cales exercen un amplísimo control visual sobre as rías parecendo así que o obxectivo do seu emprazamento sexa a visualización destas zonas de entrada (Ballesteros-Arias e Seoane-Veiga 60, 2012).

Petróglifo do Chan da Pólvora II



Localización xeográfica.





Petróglifo da Laxe

Petróglifo localizado na zona denominada *A Laxe*, no barrio de *Caño*. Está realizado sobre rocha granítica, no extremo sur dunhas amplas laxes a ras do chan, nunha zona con certa inclinación ao leste, cara a ría, e polas que discorre, nas proximidades, o *Rego do Caño*. Os motivos localizados son coviñas de diferente tamaño, destacando algunha de grandes dimensións, e algún rebaixe, podendo percibirse tamén algún suco, aínda que moi erosionado. Os gravados están situados no plano superior deste afloramento, no lado sueste, cunha inclinación suave tamén neste sentido.

Este gravado ten unha ampla visibilidade cara á ría. Dende aquí tamén se divisa, cara ao sur, o *Castelo dos Mouros*, aínda que de forma secundaria xa que, neste caso, o elemento que domina, dende o punto de vista visual, dende esta rocha, é o mar.

Ao igual que no caso anterior, non se pode precisar a cronoloxía do gravado porque tanto as coviñas como os círculos simples son motivos difíciles de datar por ser motivos moi comúns e recorrentes ao longo do tempo, por iso estes elementos englóbanse na prehistoria sen poder concretar unha etapa determinada, a falta dun estudo máis intensivo dos mesmos.

Vistas do grabado



Petróglifo da Laxe



Localización xeográfica.





A Laxe do Crego

Sepulcro antropomorfo illado, escavado nunha rocha granítica emprazada no mar, a 120 m aproximadamente da praia *Area dos Cans*, podéndose acceder a ela a pé só en baixa mar. Esta rocha destaca na paisaxe porque nunca se cubre polo mar, e pola súa cor clara, debido a súa exposición ao sol, o salitre e as deposicións das aves mariñas.

O sepulcro presenta unha forma rectangular, de orientación norte - sur, cun reborde perimetral resaltado, coas esquinas redondeadas, aínda que probablemente estea desgastado pola acción marítima e orixinariamente foran cadradas. As paredes do sartego son bastante verticais, aínda que a base estréitase levemente respecto á boca. A base é plana e a ruptura é cóncava. A zona da cabeza, orientada ao norte, ten unha forma ovalada, creando unha semicircunferencia,

coas paredes e ruptura cóncavas e a base semiplana. Neste extremo norte do sarcófago tamén se recoñecen os restos dun tramo de fuste procedente posiblemente dunha cruz. Ten sección cuadrangular e presenta restos de formigón na base do mesmo. No seu extremo oposto, ao sur, tamén distínguese un pequeno rebaixe de forma semicircular, como para encaixar os pés. Esta orientación norte - sur non é a usual xa que, por norma, a cabeza oriéntase cara oriente, lugar por onde sae o sol e polo que aparecería Deus no xuízo final, segundo o rito cristián, (leste - oeste) en relación tamén coa saída e posta do sol.

Pepe fálanos da
Laxe do Crego.



Descoñécese cal é a orixe deste sarcófago. Podería ser que na súa contorna inmediata existira algún convento ou antigo edificio de carácter relixioso pero a espesa cuberta vexetal na zona na que podería haber restos impide facer un recoñecemento máis exhaustivo para así poder detectar posíbeis evidencias que sosteñan esta hipótese. Segundo A. das Casas (1934, 169) “A tradizón di que antigamente a terra adiantaba aínda ben mais da laxe, e que neste lugar había un fermosísimo mosteiro que se esborrallou cando os franceses”. É un texto que nos fala da forte erosión da costa, e que o sepulcro estaba en terra firme, polo que pode cambiar bastante a interpretación en base a o seu emprazamento actual.

Finalmente destacar que, pola falta de máis vestixios e doutros datos, non se pode afirmar que se trate dun sepulcro para un abade ou persoa relixiosa, xa que tamén puido ser utilizado para dar sepultura a unha persoa civil de distinguido rango, á que se lle pode atribuír unha cronoloxía medieval.

Segundo referencias orais, a este sarcófago pertence unha tapa que actualmente se atopa no Centro de Visitantes da Illa de Ons, e que contan que foi recollida no Areal dos Cans.



Localización xeográfica.






Tapa sepulcral

Tapa sepulcral que podería pertencer ao sepulcro antropomorfo da *Laxe do Crego*. A tapa está feita en granito, de forma rectangular coas esquinas redondeadas pola erosión. No seu reverso ten un rebaixe en todo o seu perímetro, realizado co fin de ser encaixada sobre a sepultura. Neste lado tamén se distinguen varias incisións lineais realizadas con punteiro metálico, que poden ser as pegadas resultantes de ter esculpido esta zona da tapa con menos coidado, ao tratarse do reverso do elemento. Polas formas que se aprecian do anverso, aínda que moi erosionadas debido á acción marítima, poderíase dicir que se trata dunha lauda sepulcral en estola labrada en tres vertentes sen resaltar as arestas, sen outro tipo de representacións ou relevos. Á tapa fáltalle parte dun extremo.


Polo tipo de lauda podería dicirse que se encadra dentro da etapa medieval pero pola falta de datos non se pode afinar con maior exactitude a súa etapa cronolóxica e cultural. Porén, polas dimensións que ten, pódese establecer unha vinculación directa co sepulcro antropomorfo de *A Laxe do Crego*, xa que encaixa perfectamente nel.

Segundo referencias orais, esta tapa sepulcral foi atopada, hai anos, en *Area dos Cans*. Foi trasladada a unha vivenda co fin de utilizala como pedra para a lareira dunha casa aínda que nunca chegou a utilizarse para tal fin. No 2012, foi trasladada ao Centro de Visitantes da Illa de Ons onde actualmente está exposta.

Tapa sepulcral



Localización xeográfica.





O Castelo da Roda ou Punta do Castelo

Trátase dos restos dunha das dúas baterías situada na costa da illa, nun esporón natural orientado cara á ría de Pontevedra, ao norte da praia de *Curro*. Consta de un só corpo de garda. Está asentada directamente sobre a rocha nai de granito, actuando, ao mesmo tempo, como parede de fortificación natural.

Portela Pazos describe, deste xeito, estas dúas baterías:

“Vense ruínas de dos castillos o fortalezas: uno en la aldea de Curro, y en la de Pereiro el otro”. (Portela 1954, 71).

O Castelo da Roda ten a planta ten forma de “U” de base redondeada, ou de media lúa, orientada ao leste. Cara o oeste estes muros prolónganse de forma paralela. Está construída a base de pedra de cantería de granito ben escuadrada, incluso con algunha

peza ciclópea, sen argamasa entre as mesmas. Conserva parte da construción orientada ao leste, o que se correspondería coa media lúa, así como o muro sur. Pola contra, no muro norte hai un gran derrube. Parte das pedras dos muros procedentes desta batería están dispersas polo cantil, parte dispersa pola contorna e parte espoliada e reutilizada noutras construcións da illa. Polo oeste, está o acceso actual ao elemento construtivo, pero descoñecemos se era una das entradas orixinais ao recinto.

Na toponimia e no rexistro oral, os restos das dúas baterías atopadas en Ons aparecen

denominadas como “castelo” ou “castillo”. Dende o punto de vista morfolóxico correspóndese cunhas das tantas" baterías" militares que hai dispersas por toda a costa coa función de orientar a vixilancia e o seu potencial ataque cara ao mar,

Detalle do muro do *Castelo da Roda*.



dominando visualmente os puntos de acceso á costa dende os que se controlaba calquera movemento dos barcos.

Na actualidade, este elemento forma parte dun dos puntos de interese marcados nunha das rutas que se ofrece ao visitante na illa, denominada “Ruta do Castelo”.

É por isto que esta atalaia atópase visitable e é de d o a d a localización polas sinais indicativas que van guiando o percorrido da ruta.



Álvaro das Casas (1931, 169) recolle unha lenda que di que “por embaixo da súa plataforma de granito sae un camiño que, por embaixo do mar chega á costa de Portonovo”.

Vista da zona norte da illa, o areal de *Meliðe* e *Centulo* dende *O Castelo da Roda*.



O Castelo da Roda ou Punta do Castelo



Localización xeográfica.





O Castelo de Pereiró

Trátase dunha das dúas baterías situada na costa da illa, nun esporón natural, na zona de *Pereiró*, ao sur da illa e orientado cara á ría de Pontevedra. Ao igual que o *Castelo da Roda*, consta dun só corpo de garda e está asentada directamente sobre a rocha nai de granito, que fai de parede natural.

Portela Pazos describe, deste xeito, estas dúas baterías:


“Vense ruínas de dos castillos o fortalezas: uno en la aldea de Curro, y en la de Pereiro el otro. Del segundo, que es el de más amplia base, con una puerta hacia el mar, conservábanse en 1931 muros de algo más que metro y medio de alto, que poco a poco fueron desapareciendo, para aprovechar la piedra en la edificación de casas. Ahora apenas queda más que la planta” (Portela 1954, 71).

O Castelo de Pereiró, ten a planta en forma de media lúa orientada ao leste, e cara ao oeste parece que remata en planta triangular ou en forma de punta de frecha, forma que se pode apreciar na fotografía aérea. No interior do recinto, ademais dos derrubes, parece que hai un muro disposto de forma transversal, aínda que pola espesa vexetación non se pode apreciar con maior detalle. Esta construída a base de grandes perpiaños de granito ben escuadrados, mesmo con algunhas pezas ciclópeas sen argamasa entre estas.

Parte das pedras dos muros están nos derrubes do acantilado, parte dispersa polo ámbito e a outra parte espoliada e reutilizada noutras construcións da illa. A parte oeste desta

construción vese interrompida por un camiño que dá servizo as fincas de cultivo que hai no seu ámbito, e no que se aprecia un desnivel que pode estar vinculado a esa construción.

O Castelo de Pereiró



Localización xeográfica.





Arco con grabado

Trátase dunha peza de granito tallada en forma de arco con inscrición. Atópase inserido na parede interior dunha corte.

A inscrición está realizada con punteiro metálico na que se pode ler "SANTA MA" e que parece cortada polo que na súa orixe a inscrición continuaría. Dende o punto de vista estilístico, trátase dunha letra humanística con cronoloxía entre o século XVI ata a actualidade, pero polo seu desenvolvemento estaría entre o século XVI e XVII.

Descoñécese a súa situación orixinal, aínda que por unha referencias documental do 1598, na que se da conta da visita arzobispal, e na que se recolle a presenza de 19 feligreses, sábese que na illa houbo unha igrexa con advocación a Santa María da Illa de Ons, dentro do Arcedianato do Salnés [Arquivo da Catedral de Santiago (1598), Visitas do arzobispo Libro III 1598, IG- 277, f. 186 vº].



Corte medianeira coa vivenda na que se atopa o arco.

• •



Muíño do Rego do Castelo


Trátase das ruínas dun muíño de río situado nunha valgada por onde baixan as augas do *Rego do Castelo* e de *Entenza*, na parte oriental da illa. Foi descuberto no verán de 2012 nas tarefas de limpeza de vexetación feitas polo persoal do Parque Nacional. Trala roza, puidéronse ver os canais de captación e derivación da auga e restos de cimentación. Polo que se puido apreciar, trataríase dun muíño de cubo, construídos naqueles regos onde o caudal non era moi abundante e con variación estacional, e estes depósitos permitían a moenda durante case todo o ano. Conserva parte da parede onde se sitúa o inferno, cavidade onde estaría o rodicio e saída da auga. Esta parte está feita con pedra de gran a base de bloques de cantería e cachotería, encaixados uns en outros sen argamasa entre eles. Non conserva ningunha das pedras de moer.

Esta entidade sitúase nunha zona de pendente con abundantes terrazas agrarias e canles de derivación de auga, xa que a sobranza deste posible muíño utilizaríase para o rego destas fincas en pendente.

O seu recente descubrimento non nos permite facer unha descrición máis pormenorizada. A isto engadímoslle que non había noticia de ningún muíño de río na illa, ata o momento, nin na documentación moderna nin nas entrevistas realizadas á xente xa que, segundo contan, cando tiñan que moer o cereal ou ben ían a Portonovo ou Bueu ou si o temporal non permitía o desprazamento facíanlo con muíños de man circulares que tiñan nas súas casas. Porén , recentes entrevistas á xente de máis idade da illa,

confirmaron que efectivamente lembran a existencia dun muíño propiedade da familia Riobó, e que aproveitaba as augas da *Entenza*.

Muíño do Rego do Castelo



Localización xeográfica





Antiga igrexa de San Xaquín

A antiga igrexa de San Xaquín está situada no barrio de *Canexol* onde tamén está o camposanto. Actualmente está pechada ao culto. Foi reemprazada nos anos 60 pola nova igrexa situada en *Curro*.

A igrexa é de planta rectangular, coa cabeceira orientada ao noroeste e os pés ao sueste, non respondendo a orientación utilizada no rito cristián no que a cabeceira se sitúa no nacente e os pes no poñente. Ten unha soa nave na distribución interior. O material construtivo é cantería de granito. Os esquinais e o zócalo están reforzados de cantería de granito de mellor factura. Moitas das pezas de cantería conservan as marcas de canteiro de careado dos bloques. Unha das pezas do esquinal sueste ten gravada a letra “J”.

Ten tres vans: sobre a porta de entrada, orientada cara ao sueste, un pequeno van circular; os outros dous vans correspóndense con


pequenas fiestras, unha en cada lateral á altura da cabeceira, ambas cun lintel que sobresaí. No alzado do muro pódese apreciar que, nunha remodelación do teito, se lle botou altura á igrexa, na que se lle puxeron bloques de pedra de menor tamaño. A cuberta é a dúas augas con tella do país.

A fachada, pintada de branco, ten unha espadana conformada por tres pezas de granito e recubertas parcialmente con cemento. Ten un único van e un lintel continuo do mesmo material. Na parte posterior á cuberta ten como remate unha cruz de pedra. Presenta un fuste de tres corpos. A cruz ten sección cuadrangular e os remates dos brazos poliglobulados.


No entorno da igrexa dispónse o camposanto. Segundo narra Portela Pazos (1954, 67) a xente que morría na illa era levada ata o cemiterio parroquial de Beluso ata que en 1863, por mor dun temporal, un cadáver non puido ser trasladado e o enterraron ao norte da capela da illa. Dende entón ata os anos 70 do século XX foron enterrados nese camposanto. Parece ser que detrás da igrexa hai unhas lápidas sen nome e que veñen a ser dalgúns dos mortos procedentes do naufraxio do *Bersac* e que polo temporal que había naqueles días non se puideron trasladar a terra firme, dándolle alí sepultura.

Todo o conxunto está pechado por un muro perimetral de bloques de granito construído na década dos 50 do pasado século. A porta de

acceso é unha cancela feita en ferro forxado. O espazo exterior do acceso conforma unha zona aberta, a modo de atrio natural, unicamente delimitado por un valo, na marxe esquerda do camiño.



Localización xeográfica.





Igrexa de San Xaquín

Esta igrexa, dedicada a San Xaquín, construíuse na década dos 60 da man do Instituto Nacional de Colonización, cando tamén se construíu o novo barrio de *Curro*, centralizando os edificios públicos e demais espazos como o almacén, escolas, vivenda dos mestres, do cura e do médico.

É de planta lonxitudinal máis un anexo lateral no oeste onde se atopa a pía bautismal. A cabeceira está orientada ao norte e os pés ao sur, polo que non responde aos criterios cristiáns de orientación dos templos (cabeceira ao leste e os pés ao oeste). As paredes son de pedra de granito encintadas na parte baixa. Na parte superior as paredes están pintadas de branco. A cuberta é de tella curva do país a dúas augas. Coroando o cume da fachada principal ten tres cruces de ferro. As fiestras son de cemento con fragmentos de vidro de

cores variadas a modo de vidreiras. A parte central da fachada principal está decorada con azulexos de cerámica branca con motivos azuis. No centro da parte superior hai unha cruz cos catro evanxelistas e nun dos laterais unha inscrición:

“SANTO+SaN+XAQUINCIÑO+da+ILLA
+DAINoS+UN+VenTIÑO+EN+POPA+PR^A
+cHEGAr+O+a+NoSO+POrTo+QuE
+TEMOS+A+VeLA+RoTA”

Noutro lado da cruz hai unha inscrición:

“ESTA+ILLIÑA+GaIIEGa+DeFENSa+da
+NoSA+RIA+E+DeVoTa+A+SaN+XaQuiN+O
+Pai+da+VIRXeN+MaRIA+”.

Arredor das xambas da porta de acceso hai varias escenas relixiosas.

Na parte posterior da igrexa atópase o campanario, feito en formigón cun vano na parte central e un balcón na parte alta, á altura da campá. O acceso está na parte posterior por unha escaleira de ferro pola que se accede á parte máis alta.

Ao norte da igrexa hai unha pequena construción medianeira coa parede leste da igrexa, de menor altura, que se corresponde coa sancristía. Recuberta de pedra de granito, coa parte alta pintada de branco. A cuberta é de tella, a dúas augas. As fiestras atópanse na fachada leste e na parte posterior. Ten acceso pola parte sur, en concreto pola parte porticada da fachada que se

corresponde co palco da festa, xusto diante do cruceiro. Este lugar é onde se celebra, no mes de agosto, a festa de San Xaquín, funcionando ás veces como palco da música.



Localización xeográfica.





Cruceiro de Ons


Cruceiro emprazado no alto do barrio de *Curro* xunto á igrexa de San Xaquín, no seu lado leste en fronte da sancristía, nunha zona axardinada que funciona como lugar de campo da festa onde se festexa o día do patrón.

O cruceiro está feito en pedra de granito sobre tres escadas de planta cadrada.

A base é de planta cadrada sen ningunha inscrición ou motivo decorativo. O fuste é de sección cadrada coas esquinas en chaflán. En dúas caras do fuste hai dúas pequenas imaxes en relevo, na nordés a Virxe co neno en brazos e na suroeste unha figura masculina dun santo. O capitel é unha peza exenta de granito de forma cadrada, coa imaxe de doce figuras humanas, tres en cada unha das caras, que poderían corresponderse cos doce apóstolos.

Sobre o capitel se dispón a cruz de forma latina e sección cadrada. Na cara suroeste, no reverso, ten unha imaxe que representa á virxe coroada, sedente con neno nos brazos, e no anverso unha imaxe de Cristo crucificado de tres cravos, co pano da pureza e a súa cabeza inclinada cara ao lado dereito. Tanto a Virxe como Cristo e o resto das figuras do cruceiro son de formas redondeadas.

Cruceiro de Ons



Localización xeográfica.





Antiga escola


A antiga escola de Ons estaba situada entre un conxunto de vivendas e construcións domésticas situadas no barrio de *Canexol*. A construción principal correspóndese con dúas vivendas medianeiras pero que na súa orixe foi casa de labranza e despois a escola da illa, onde tamén vivía a mestra. Segundo A. das Casas esta escola foi creada en 1923 e abriuse en 1925 (das Casas 1934, 168), utilizándose como escola ata 1967 cando empezou a funcionar a nova escola de *Curro*.

A casa é de planta rectangular, de dúas alturas, feita en cantería de granito cos esquinais e os vans reforzados e posteriormente rehabilitada. A cuberta de tella a dúas augas restaurada con cheminea na vertente orientada ao oeste.

Detrás da vivenda atópanse os hórreos máis monumentais da illa. Os dous son de idénticas características construtivas parecendo un o espello do outro, tendo ambos orientación leste - oeste. Están sobre celeiro feito con pedras no que se mesturan o cachote, cantería e, sobre todo no hórreo sur, varias pezas reaproveitadas doutras antigas construcións. Ambos teñen dúas portas. Teñen tornarratos corrido sobre o que se asenta a cámara. Está feita de cantería con fendas horizontais. Teñen unha porta cada un, na parede costal, orientadas ao interior do patio. O teito é de laxes de pedra ben traballadas con cemento nas xuntas e tella curva ao longo do pinchón. Como motivos decorativos, nos pinches orientados ao leste teñen sendas cruces de granito. Neles se almacenaba o millo recollido, un era para o dono

da illa, Sr. Riobó e o outro para a persoa que lle administraba as restas que residía nese conxunto de vivendas.

Entre os hórreos hai un eirado no que antigamente se celebraba a festa en honor a San Xaquín. Chamábanlle o campo da festa. Celebrábase a finais de agosto, e os domingos despois da Asunción da Santísima Virxe, patroa de Beluso á que acudía un numero importante de veciños de Noalla, Bueu, Ribeira, Portonovo, etc., continuando a festa nos días seguintes xa que tamén se lle rendía culto á Virxe dos Remedios e a San Ramón (Portela Pazos 1954, 68-69).



Localización xeográfica.



Faro de Ons


O faro está situado na parte máis elevada da illa, *no Alto do Cucorno*, a 128 m de altura. A súa orixe data de 1865, con torre e edificio de planta en “U”. É un dos poucos faros que quedan sen automatizar, no que aínda fan vida viven os fareiros nun edificio moi singular e en moi bo estado de conservación. Antigamente alí había un forno onde os torreiros facían o pan.

Coa aprobación do “Plan de Reforma do Alumbrado” de 1902 decídese que a luz do faro debe ter un maior alcance. A solución que se adoptou foi a de construír un novo faro sobre a base do primeiro. A torre antiga demoleuse en parte e levantouse outra de forma octogonal, rematada por unha lanterna de 3,70 m de diámetro.

As novas obras inauguráronse o 4 de xullo de 1926, cunha óptica da casa inglesa *Chance Brothers*. Para o alumeado púxose un sistema

de vapor de petróleo: a presión por incandescencia. (http://www.apmarin.com/es_faro_ons.html).

O recinto está pechado cun valo e arame e ten o acceso principal na parte sur. Fóra do recinto, e ao suroeste deste, atópase o heliporto.



Localización xeográfica.





O Buraco do Inferno

Trátase dunha profunda greta natural na terra, moi preto do cantil mariño, de forma circular situado ao sur da illa e que comunícase co mar por medio dunha gruta. Esta formación xeolóxica forma parte das visitas turísticas da denominada “Ruta Sur” (Vilas et al. 2005, 185-86).

Ademais do propio buraco, rodeado por un cercado de pedra, hai dúas cruces nas rochas do entorno en memoria dos alí falecidos. Unha delas en memoria dun militar (18-10-63 E) é de formigón con estrutura de ferro. Outra das cruces, púxose en memoria dun rapaz falecido nos anos 90. A cruz é de granito cos extremos dos brazos gravados como motivos florais. Na cruz gravada o seu nome, ANXO, coas datas do seu nacemento e do seu pasamento: 27-11-71 / 16-08-93.

Esta profunda depresión xeolóxica coñécese co nome de *Buraco do Inferno*, posiblemente facendo alusión á súa comunicación directa co inframundo. Alonso Romero, en relación coas posibles lendas asociadas ao buraco escribe:

“Personalmente he visitado varias veces el burato do Inferno y he intentado recoger información popular sobre él, pero no encontré, o no se conservan, ni leyendas, creencias, cultos o supersticiones relacionadas con esta sima, a no ser el profundo temor que inspira a los isleños por ser lugar muy peligroso dado lo fácil que es, debido a la inclinación del terreno, el resbalar y caer en su tenebrosa boca. Los pescadores suelen entrar en sus dornas por la furna o gruta marina con la que se comunica con el mar. Es un lugar donde





abundan los mariscos y anidan infinidad de aves marinas. Si el burato do Inferno estuvo o no vinculado en la Antigüedad a alguna creencia en relación con el Otro Mundo, ésta desgraciadamente se ha perdido” (Alonso Romero 1981, 298).

Porén, na revista "O Candil" coordinada por Arturo Sánchez Cidrás e feita polo profesorado e alumnado do CEIP A Pedra de Bueu, no número 15 (1997) adicado a os contos e lendas recompilados polos nenos e nenas a través de entrevistas feitas aos seus familiares atopamos varias referencias a este buraco:


“Hai un buraco que se tiras unha pedra óese como se estiveras cortando unha árbore. Por terra non se pode ir pero por mar si e cando a marea

está chea mírase a auga desde enriba”. María del Carmen Reiriz.


“En días de temporal óense berros e salaios das almas que ten atrapadas o diaño”. María Jesús Acuña.

“Un soldado ao achegarse sentiu como se o estiveran empuxando para que caíra e así pasou. Foron varias as expedicións a dentro del, pero non o atoparon. Sospeitase que o soldado estea nun asiento de pedra”. José Manuel Sánchez Dosantos, conta do seu pai (Sánchez Cidrás 1997, 19).

O Buraco do Inferno



Localización xeográfica.






Caseta militar de Onza

Caseta construída con fins militares en época da ditadura franquista, emprazada sobre un esporón ao leste do areal de Porta do Sol. Este é un lugar estratéxico dende onde se controlaría o tráfico marítimo, así como as Illas Cíes e unha grande parte costa da ría pontevedresa. Esta construción está en ruínas, faltándolle parte das paredes e o teito.

Na construción desta estrutura aproveitáronse dous afloramentos de granito como parte da camuflaxe. É de planta cadrada de 4,70 m no lado oeste por 3,65 m ao norte, coa porta orientada ao lado norte e unha ventá ao lado oeste, feita con ladrillo e cemento.



Localización xeográfica.





Ruinas en Onza


Trátase dun derrube localizado na parte alta da illa de Onza, na penechaira da parte central desta illa. Este derrube poderíase vincular cos restos dunha antiga cabana ou abrigo que puido servir como refuxio da xente que ia a buscala herba para o gando. Incluso, polos materiais utilizados, este derrube podería estar relacionado co momento en que se construíu la caseta militar.

Estes restos están ao marxe dunha crista granítica, e son de pedra de diferentes tamaños e abundante tella curva, nun ámbito de dispersión pequeno en forma de arco.


No Catraastro do Marqués da Ensenada (1750-53) descríbese a illa deste xeito:

“Isleta de Onza. Asimismo perteneze á esta Jurisdizion otra Isleta nombrada de Onza, ynmediata a la antezedente y al mediodia de ella, que tendrá un cuarto de Legua de Circunferencia, Cuio terreno es

inútil y lo mas de el peñascoso, a excepcion de tal qual mancha que produze pasto para algun Ganado Mular que se quiera exponer en ella”.



Localización xeográfica.






Embarcadoiro

Embarcadoiro localizado na parte leste da illa, no barrio de *Curro*. É o único embarcadoiro artificial da illa. Foi comezado cando na República, mellorado no ano 1946 cunha ampliación posterior. Xunto a este embarcadoiro está o areal chamado *Praia de Curro* ou *das Dornas* onde en 1942, rexistráronse 150 dornas dedicadas á pesca do polbo e na actualidade varan unhas poucas dornas de forma testemuñal. O embarcadoiro ten 220 m de lonxitude, é de forma alongada, e de pedra, coa superficie de cemento cunha anchura maior no extremo leste, onde se atopa un pequeno faro de sinalización. Aos dous lados ten os accesos mediante ramplas ou escaleiras de pedra pegadas á parede.

Cando a maior parte dos mariñeiros a da illa deixaron de utilizar as dornas en prol dos barcos a motor, solicitaron a construción dun

novo embarcaderoiro que dera abrigo as novas embarcacións (esta problemática non existía anteriormente xa que as dornas varábanse na praia). Ante as continuas negativas e entre as dificultades que conlevaba ter que durmir no

barco por mor dos temporais, pouco a pouco os habitantes da illa foron marchando para Bueu onde si tiñan un molle que reunía as condicións aptas para o amarre dos seus barcos a motor.



Localización xeográfica.






Lavadoiro de Melide

Lavadoiro situado na zona de *O Centulo*, ao norte da illa, situado ao carón dun rego que desemboca no areal de Melide, a moi poucos metros da praia, nunha zona moi sombría, cuberta de abundante vexetación. Ao lavadoiro accédese por un sendeiro agora pechado ao público pero do que facían servizo as vivendas desa zona norte da illa.

É de planta rectangular e está realizado a base de cemento, ladrillo e formigón. Ten con teito a dúas augas. A pedra de lavar sitúase no lado norte. Na actualidade este lavadoiro está en estado de abandono e oculto entre a maleza.

A estes lavadoiros, a xente da illa, ademais de ir a lavala roupa, era onde ían a collela auga para o servizo doméstico. Chamábanlle

“ir ao río”, posto que estas construcións son relativamente recentes e antes lavaban directamente na beira do rego.



Localización xeográfica.





Lavadoiro de Cucorno

Lavadoiro construído na década do 50, situado no barrio de *Cucorno*, que aproveita as augas do *Rego de Cucorno*. O lavadoiro está parcialmente escavado na terra, ao que se accede por medio dunha escalinata de pedra, onde tamén hai un depósito cunha billa.

É de planta rectangular e está construído en ladrillo, cemento e formigón. A cuberta está sostida por dúas columnas de sección cuadrangular e dúas paredes pechando o recinto. O tellado é a dúas augas é de placa de formigón sen cubrición de tella. Na cornixa do teito que dá para o oeste ten pintado mural cunha enredadeira que decora o acceso. No interior deste recinto ten unha pía rectangular con dúas pedras de lavar, unha enfronte da outra. A auga entra polo oeste e desauga polo leste, directamente cara ao rego.



Localización xeográfica.



Lavadoiro de Entenza I

Trátase dun dos dous lavadoiro situados na zona da *Entenza*, profunda valgada e de pendente acentuada, onde hai unha zona boscosa con carballos, castiñeiros e piñeiros que se estende dende o barrio de *Cucorno* ao de *Curro*. Concretamente este lavadoiro sitúase na parte alta da *Entenza*.

É de pequenas dimensións, de planta rectangular, captando a auga polo lado oeste e sendo a sobranse canalizada polo leste. Está feito a base de cemento, ladrillo, formigón e cachotería de pedra. A pedra de lavar dispónse de forma lineal e destaca detrás desta un banco corrido para as lavadeiras. A pía, hoxe en día está colmatada de terra e vexetación ao igual que o resto da construción. Na esquina noroeste hai unha fornacina que ben puidera

corresponderse coa sitio onde se podía coller directamente a auga para o servizo doméstico.



A cuberta, a dúas augas de placa de formigón sen cubrición de tella. Destaca no exterior, no frontón do teito, o relevo, feito en cemento, do xugo e das frechas, símbolo da ditadura franquista. A norma era deixar a súa pegada en todas as construcións que se facían ou se rehabilitaban na illa para que quedara constancia de que as efectuara a “Obra Social del Movimiento”.

Posiblemente o topónimo de *Entenza* proveña de *tenza*, nome con que se denomina a cada unha das porcións de terreo no que se divide un monte ou tamén a un terreo de cultivo pertencente a tódolos veciños. De feito esta foi unha zona de

cultivo intensivo, como o testemuñan as terrazas de cultivo construídas seguindo as curvas de nivel e cuxos restos son visíbeis hoxe en día. A través da fotografía aérea de 1945, ademais de verse esas estruturas, tamén pódese verse, ao sueste da *Entenza*, unha porción de monte de onde obterían parte da madeira os veciños da illa.



Localización xeográfica.



Lavadoiro de Entenza II

Este lavadoiro sitúase na parte baixa de *Entenza*, próximo á mina de auga e as casas de *Curro*.

É de grandes dimensións, construído nos anos 60, cando a illa estaba xa en mans do Estado e dependendo do Instituto Nacional de Colonización. Construíuse ao tempo co novo centro cívico co fin de centralizar os edificios públicos e comunais. O deseño desta construción semella ao resto das construcións feitas naquela época, tanto na estrutura da arquitectura como nos materiais empregados, nos que se alternan as superficies de pedra á vista coas encaladas.

Este lavadoiro é de planta rectangular con tellado a un auga e con aberturas a modo de fiestras na parede orientada ao sueste. A porta de acceso está na parede penal oeste. No interior ten un lavadoiro central, de planta rectangular, dividido por tres comportas e rodeado

nos catro lados pola pedra de lavar, todo feito en cemento. No 2009 estiveronse facendo tarefas de restauración do edificio.



Localización xeográfica.





Lavadoiro de Caño

Lavadoiro situado no barrio de *Caño* que aproveita as augas do rego do mesmo nome. É de planta rectangular e está construído en ladrillo e cemento. A cuberta, a dúas augas, reformouse recentemente. Trátase dunha estrutura de vigas e trabes de madeira sobre as que se dispón a tella do país. Nesta cuberta consérvanse pegadas da construción orixinal como, por exemplo, no lintel da zona de acceso ao lavadoiro. Está resaltada en cemento (material de construción da base de cubrición) a data de construción ou de renovación (1962) así como o relevo do xugo e das frechas, símbolo da ditadura franquista.

O lavadoiro está pechado por dúas paredes en “L”. No interior deste recinto está o lavadoiro e a pedra de lavar en forma de “L” feita con laxes de granito.

O *rego do Caño* canalízase nunha cota superior, nun punto próximo, a través dunha levada que dirixe a auga cara ao lavadoiro, e por outra banda sortea unha fonte que hai a 50 m ao sueste, a fonte do *Caño*. A auga sobrante, a que non é captada por estas construcións, vai directamente ao rego que atravesa o lugar de Caño a través dunha pontella, dirixíndose cara á costa leste da illa, pasando por *A Laxe* e desembocando en *Area dos Cans*.



Localización xeográfica.






Lavadoiro de Canexol

Lavadoiro situado no barrio de *Canexol* que aproveita as augas do rego do mesmo nome. Sitúase no marxe esquerdo do antigo camiño que ía aos campos de labor en torno ao castro. Segundo os datos tomados no traballo de campo etnográfico, este lavadoiro construíuse nos anos 70 onde antigamente había un hórreo.

O lavadoiro é de planta rectangular e está construído en ladrillo, cemento e formigón. A cuberta de placa é a dúas augas con tella do país e está sostido por tres columnas e unha parede en ángulo. Está parcialmente escavado na terra e a auga entra pola parede oeste e a sobranse sae pola leste, a unha pía feita en cemento. Na parede exterior orientada ao sur hai un mural do fondo do mar que foi pintado en 1997 polos rapaces e rapazas do campo de traballo que hai na illa.

A pedra de lavar ten forma de “L” e está feita en cemento. Destaca o raiado en sentido horizontal para facilitar o lavado da roupa así como os ocos para deixar o xabón das lavandeiras.



Localización xeográfica.






Lavadoiro vello de Canexol

Lavadoiro feito na década dos 50, que aproveita as augas do *Rego de Canexol*. Sitúase ao marxe dereito do antigo camiño que ía aos campos de labor da contorna do castro. Este lavadoiro de orientación norte - sur está escavado na terra, é de planta rectangular, e está construído en ladrillo, cemento e formigón. A cuberta de placa e a dúas augas sen recubrimento de tella. Está cerrado por tres paredes, quedando o acceso libre pola parede leste. No interior deste recinto está o lavadoiro propiamente dito e a pedra de lavar de planta rectangular e en forma de “U” de base plana.

Destaca no exterior, no frontón do teito, feito en cemento, o relevo do xugo e das frechas, símbolo da ditadura franquista.

Por unha serie de razóns este lavadoiro deixou de usarse construíndose un novo nos anos 70, a escasa distancia deste.



Localización xeográfica.



Lavadoiro de Pereiró

Lavadoiro construído na década do 50 situado no barrio de *Pereiró*, ao sur da illa, que aproveita as augas do *Rego de Pereiró*, entre o núcleo de casas que alí hai. Este lavadoiro está parcialmente escavado na terra, é de planta rectangular e está construído en ladrillo e cemento e formigón. A cuberta de placa é a dúas augas con recubrimento de tella do país.


A cuberta está sostida por dúas columnas de sección cuadrangular e dúas paredes en forma de “L”, a oeste e a sur. No interior deste recinto está a pedra de lavar esta formada por tres laxes de granito en liña. Destaca a erosión e desgaste destas pedras na parte superior





pola acción de lavar. A auga entra por unha canle situada na parede oeste.

Desauga pola súa parte leste, onde hai unha pontella e unha balsa onde se acumula a auga, que no seu momento puido servir de bebedoiro dos animais servindo ademais para regar as parcelas de regadío da contorna.

Este lavadoiro foi amañado hai pouco tempo sendo un dos poucos que segue sendo utilizado pola xente do lugar




Localización xeográfica.





Lavadoiro de Ignacio

Lavadoiro con fonte, situado a carón da costa leste, entre a *Punta do Río* e a praia de *Melide*. Chegábase a el por varios sendeiros agora pechados pola vexetación sendo agora só accesible pola costa ou por mar. A el ían a xente da zona norte da illa. É o único lavadoiro que non foi intervindo pola “Obra Social del Movimiento” franquista, polo que se conserva no seu estado orixinal. É de factura moi rústica, de forma ovalada coas pedras de lavar dispostas en torno a pía.



Localización xeográfica.





Fonte de Melide

Fonte situada na costa ao sur da praia de *Melide*. De feito é nun manancial natural que desemboca na rocha do acantilado. Accédese a través dun sendeiro que atravesa o actual eucaliptal desta zona sur de *Melide*. O cano de desaugue é metálico e está encastado nunha estrutura (caixa) de formigón. A pía é de ladrillo de forma cuadrangular e coa superficie totalmente recuberta por formigón.

Nos anos 80, cando *Melide* era unha zona de acampada libre, a esta fonte ían os campistas a lavarse e a procurar auga doce. Díciase que era unha das mellores fonte da illa. Hoxe en día está en total estado de abandono.



Localización xeográfica.






Fonte do Gaiteiro

Fonte localizada na ladeira oeste do *Alto da Cancela*, en fronte ao *Illote do Gaiteiro*, e xurde dun manancial natural que cae polo rocha do acantilado. Como elementos artificiais asociados á fonte, está o cano de desaugue, que é metálico e está encastado nunha estrutura totalmente recuberta de formigón. Ausencia de pía, caendo a auga directamente sobre unha superficie de afloramento natural.

Álvaro das Casas recolleu unha lenda asociada a esta fonte. Nela describe como David Otero, de 60 anos, “viu unha raíña penteándose na fonte do Gaiteiro: cobríase cunha capa de prata, tiña na testa unha croa de brilantes e o pente relocíalle coma si fora de vidro” (das Casas 1934: 174).



Localización xeográfica.





Fonte de Fontiñas

Fonte localizada na ladeira que desemboca na praia de *Fontiñas*. Está totalmente cuberta por vexetación de monte baixo. O muro que conforma a caixa é de cachotería de granito encintado de cemento. Inexistencia de cano. A auga ten saída por unha mangureira de goma polo que foi reconducida a auga. Nesta zona de saída apréciase o burato de desaugue na zona inferior do muro recortado.

Na zona superior de esta estrutura, a uns 5 m ao leste, atópase un depósito de forma circular e semisoterrado. Feito por cachotes de granito encintados con cemento. A tapa de cubrición do mesmo está totalmente recuberta tamén de cemento.



Localización xeográfica.






Fonte do Castelo

Manancial que remata nun depósito circular de formigón no que se enlaza a canle natural, nunha zona moi sombría e boscosa. A auga sae por un cano metálico. Desemboca nunha zona onde se estanca a auga a través dun pequeno muro de contención de cachotes e bloques de granito. Este muro deixa saír cara ao sueste un regato que discorre polas veigas inmediatas.

A fonte e o seu acceso, sitúanse en forte pendente con antigas terrazas de cultivo con muros de contención de pedra y terra seguindo as curvas de nivel. A auga desta fonte posibilitaba o rego aos numerosos campos de cultivo que había na súa contorna.



Localización xeográfica.





Fonte de Curro

Esta fonte- bebedoiro atópase na parte alta do barrio de *Curro*, preto da igrexa, nun desvío do camiño que vai cara a *Melide*. Consta dun corpo central, de forma rectangular, feito de pezas de granito, cachotería e cemento, onde irían tres saídas de auga da que só se conserva unha, a central, na parte leste, onde ten unha pía cuadrangular de pedra de granito. Nos extremo norte e sur ten uns pías rectangulares de cemento, a modo de bebedoiros.



Localización xeográfica.






Fonte da Praia de Curro

Fonte de construción contemporánea situada na *Praia de Curro* tamén chamada *das Dornas* xa que aquí era onde varaban as antigas embarcacións pesqueiras e na que hoxe en día seguen varando unicamente de forma testemuñal. Esta fonte está situada entre a praia e a subida ás parcelas denominadas a *Charrúa de Curro*. Está feita contra o noiro.

Consta dun saínte en forma de media pía feita con pequenas pezas de pedra de granito encintadas con cemento de onde sae un cano cunha billa. Debaixo ten unha pía rectangular, case ao ras do chan, feita en pedra.

Neste lugar había unha antiga fonte da que xa daba conta A. das Casas, dándolle o nome de *fonte de Area do Curro* (Das Casas 1934, 168).




Localización xeográfica.



Fonte de Caño

A fonte atópase no barrio de *Caño*, de camiño cara a zona de acampada e do faro. Actualmente atópase cuberta de vexetación, aínda que se aprecian grandes bloques de granito que formarían parte da construción. Emprázase na base dunha pequena terraza de forma cóncava por onde sae a auga, e permite o seu estancamento parcial nunha poza que desauga no *rego do Caño*.

Este rego, atravesa o camiño por medio dunha ponte e desemboca na praia de *Area dos Cans*.



Localización xeográfica.






Fonte de Caniveliñas

Fonte situada no lugar coñecido como *Caniveliñas*, nun entrante do mar, nun cantil moi acentuado situado na costa oeste da Illa. Accédese por medio dun camiño de terra que baixa en forte pendente ata esta fonte situada a media ladeira. A fonte está situada nun espazo de planta poligonal irregular realizado a base de cemento e ladrillo con varias saídas de auga por medio de tubos de plástico. Ademais das escaleiras de cemento, polas que se accede a este recinto, ten diversas plataformas de cemento, e un caseto onde debe ir o motor que sorte de auga a outras zonas da illa. A esta fonte é moi utilizada polos campistas da *Chan da Pólvora* e polo resto dos visitantes da illa.

Esta fonte, na súa orixe, era unha saída de auga sinxela, procedente dunha mina de auga das moitas que hai na illa.



Localización xeográfica.





Vivendas

Neste apartado facemos unha caracterización xeral das casas e demais dependencias domésticas da illa, xa que todas elas presentan unhas características comúns en canto ao emprazamento, formas arquitectónicas, materiais de construción, orientación, etc., produto dunha serie de factores climatolóxicos, topográficos, económicos, sociais, culturais e históricos.

As vivendas están enclavadas na ladeira orientada ao leste, expostas ao nacente e abrigadas dos ventos do norte. A este emprazamento de abrigo dos ventos se lle engade o factor topográfico, xa que é nesta vertente onde a orografía ten formas suaves, por onde descorren a maior parte dos regos e, polo tanto, onde se atopan as mellores terras de labranza, os areais, as zonas

marisqueiras e tamén onde se atopan os accesos máis doados dende o mar.

A solución adoptada para protexer as vivendas do abrigo dos ventos é semisoterra-las na ladeira. Prepáranse os cimentos sobre un aterrazamento onde a parede traseira fai, as veces, de muro de contención. A maior parte delas son de planta lonxitudinal, e as súas fachadas están orientadas cara ao leste e sueste. Deste xeito, a fachada principal, a parede máis longa, recibe durante a maior parte do día a luz e o calor do sol.

Segundo a **tipoloxía**, Álvaro das Casas (1934) distingue dous tipos de vivendas na illa: o casal e a caseta. Segundo el, o marqués de Valladares, dono da illa naquel tempo, tiña divididos aos veciños en dúas partes en función da antigüidade

e da renda que pagaban. “... os máis antigos e ricos labouran uns cincuenta ferrados e ocupan un casal, os máis probes, fillos que se foron



emancipando por casorio os máis deles, labouran de 15 a 20 ferrados e ocupan unha caseta” (das Casas 1934, 169). De tódolos xeitos, esta distribución vai tamén acorde coa situación dos campos de cultivo, as casas máis pobres situábanse ao norte e as máis ricas ao sur, onde se atopaban as mellores terras de labradío.

A casa térrea, de planta lonxitudinal e teito a dúas augas, ten unha distribución interior na que se diferencian tres tipos de espazos dependendo tamén da solvencia económica de cada unidade familiar: a cociña, a sala e os cuartos, todo organizado ao longo dun espazo corrido e lonxitudinal. A cociña e a sala son os espazos máis amplos con ventilación, e dan para a fachada. Os dormitorios son espazos de dimensións reducidas,

organizados en liña, interiores e dan cara á parede escavada na rocha ou na terra. Nas casas máis pobres, a organización interior redúcese a unha cociña e a un cuarto común onde durmía toda a familia. O cuarto de baño é de introdución recente; de feito, en moitas casas ou ben se adaptou un dos cortellos ou se lle engadiu un anexo. Na actualidade pódense documentar vivendas con esas mesmas características, aínda que son as menos pois foron cambiando a medida que a economía se fixo máis solvente para os veciños. Nestas rehabilitacións, non sempre agraciadas, influíron as modas, coa utilización de novos materiais construtivos, así como tamén a permisividade e pasividade da administración en materia de rehabilitación das vivendas, dos espazos e en definitiva da paisaxe.

As casas de dous andares son excepcionais. No ano 1981, de Llano (1981, 39) cita a existencia de dúas, a da antiga escola e a vivenda nº83, tamén

de *Canexol*. Na actualidade existen máis debido aos arranxos posteriores que se fixeron nalgunhas das casas da illa.

No referente ás características construtivas, o feito de estar nunha illa fai que a maior parte dos **materiais construtivos** sexan materiais locais, dando lugar a construcións

sinxelas e totalmente funcionais adaptadas ao seu medio. O elemento básico é a pedra de gra, utilizada para os diferentes elementos construtivos segundo a súa calidade e factura, utilizando a de mellor calidade para os elementos máis estruturais e onde tamén se lle adica un maior coidado na súa labra e preparación (esquinais, linteis, e contorno das portas e ventás) e a madeira dos piñeiros para o piso, as vigas, portas ou xanelas. O resto dos elementos, por norma xeral, teñen un acabado basto, case como se extraen da canteira, ou dos areais (os coidos). Entre 1940 e 50 traballaron canteiros procedentes de Bueu. Nalgunhas vivendas pódese atopar pedras de cantería procedentes doutras construcións e que foron amortizadas nas diferentes construcións da illa.



A **cuberta**. O teito das casas é de dúas augas, mentres nas dependencias auxiliares, como nas cortes e cortellos, é dunha auga. Sobre o armazón de madeira colócase a tella do país. Sobre as tellas púñanse pedras de pequeno e mediano tamaño para impedir que as inclemencias do tempo as movesen. Na actualidade a maior parte das casas foron arranxadas, sendo as cubertas un dos elementos que máis se restauraron utilizando materiais construtivos diferentes e substituíndo os materiais tradicionais por outros como o cemento, o formigón e o fibrocemento.

As **chemineas**. Durante o primeiro terzo do século XX comeza a aparición das chemineas feitas con ladrillo e cemento. De feito, na descrición feita por Álvaro das Casas (1934)

aínda non había casas con cheminea. Contan que algunhas chemineas da illa tiñan pintada a bandeira republicana e que ata fai pouco quedaba unha no barrio de *Pereiró*.



Conxunto de vivenda e construcións auxiliares en *Pereiró*. Esta é unha das poucas vivendas que queda na illa sen case alterar.





Outras construcións domésticas

Xunto á vivenda hai unha serie de construcións para dar servizo ás tarefas realizadas dentro da economía familiar que se desenvolvía en cada casa. Distínguense entre cortes, cortellos, alpendres, hórreos ou eiras. Todas teñen a súa función e as súas características construtivas. A existencia ou non destas dependencias dependerá do nivel económico de cada unidade familiar, por exemplo, de si teñen gando ou non, ou mesmo da cantidade de campo do que dispoñan para cultivar.

As **cortes**. Espazos onde se garda o gando, de planta cuadrangular, muros de cachotería en seco e a unha auga. Os ocos das portas son de dimensións reducidas, situadas a trinta ou corenta centímetros do chan e de contornos realizados, na maior parte dos casos, con pedras pouco traballadas.

Os **cortellos**, de características construtivas similares ás cortes aínda que de menor tamaño, resérvanse para gardar os porcos.

As **eiras**. Lugar onde se malla o cereal, fundamentalmente o centeo, o cereal máis

abundante na illa, aínda que tamén se conta que se plantaba algo de trigo. Non todas as casas da illa tiñan eira. No caso de tela situábase nun rechán na contorna da vivenda. Estas eiras, ás veces, atópanse rodeadas por un valado de cachotería ou de pedras fincadas, outras son



espazos abertos. En moi poucos casos, as eiras da illa teñen o solo regulado por pedras de cantería, xa que a maioría eran de terra pisada que na época da malla botábanlle unha capa finísima de bosta de vaca para regulalo chan. Unha vez seca, xa estaba preparada para mallar nela o cereal.



Cortello sobre un afloramento. Está feito con cachotería recollida na contorna.





Hórreos

Na illa tamén reciben o nome de *hornios* ou *piornos*. Están feitos en pedra de gra e de cemento e ladrillo. Antigamente tamén eran de madeira, dos que xa non queda ningún exemplar, unicamente os restos dos elementos construtivos feitos en pedra. Os soportes utilizados eran os pés con tornarratos individuais, pero a maioría teñen soleiras e celeiros con tornarratos corrido ao longo da cámara. Os que son de cámara de pedra, esta está feita con grandes bloques de cantería dispostos en fiadas horizontais en cuxa cara superior se practica unha fenda de ventilación. Sorprende tanto a factura como o tamaño destes pedras de cantería, sendo a súa construción moito máis coidada que a maior parte das vivendas ás que están asociadas. Os de cámara de cemento semellan as formas dos balagustos verticais coas cintas horizontais.

A cuberta, a dúas augas é de tella do país ou de fibrocemento, con aleiros pouco saíntes e rematada nos pinches con sobrepenas. Decórase con cruces e pináculos tamén chamados *lampións*.

Os pinches dos hórreos decóranse con aberturas lonxitudinais paralelas as sobrepenas ou cunha coviña con abertura no centro. Pero hai un motivo que é o que máis se repite: dúas fendeduras convexas polas que tamén atravesa o aire e, en ocasións, cunha cruz gravada no centro. Este motivo atópase nalgúns hórreos na zona de

Beluso (Bueu), cos que tamén teñen paralelismos construtivos.

Hai dous hórreos na illa que destacan polas súa monumentalidade. Son os hórreos de *Canexol*. Neles almacenábase o millo provente da renda que lle tiñan que pagar os colonos ao dono da illa naquel tempo. Parece ser que o millo almacenado nun dos hórreos era para sr. Riobó e outro para a persoa encargada de lle administrar as rendas e que residía nese conxunto de vivendas.

A orientación máis frecuente dos hórreos é de norte a sur aínda que tamén os hai de leste a



oeste, coma os hórreos de *Canexol* que acabamos de describir.

Hórreos



Hórreo de pedra en estado ruinoso, con tornarratos corrido.





Barrio de Curro


No barrio de *Curro* sitúase o centro social da illa. Antigamente era onde se atopaba, ademais do embarcadero, a antiga fábrica de salgadura dos Riobó, un secadero de polbo e as tabernas. En 1954, esta fábrica xa estaba desmantelada (Portela Pazos 1954, 68) pero no seu momento serviu de aloxamento aos administradores e ao último propietario D. Didio Riobó e tamén ao párroco de Beluso nos días que permanecía na illa. Era un edificio de planta baixa, cunha extensa galería con vistas ao mar. E no curral parece que había un muíño e un forno para o servizo da xente da illa.

En 1965, tras a expropiación da illa xa en mans do Estado e dependendo agora do Instituto Nacional de Colonización, foi cando se construíu o novo centro cívico. O Instituto Nacional de Colonización inicia as súas actividades, como organismo dependente

do Ministerio de Agricultura, en outubro de 1939 e a súa creación estivo motivada pola creación da necesidade de efectuar unha reforma social e económica da terra despois da Guerra Civil.

Baixo estes parámetros decídese construír unha nova aldea, ocupando os terreos da fábrica de salgadura, co fin de centralizar os usos públicos e comerciais para un control máis efectivo tanto destas actividades como da súa xente. Así se fai unha nova igrexa, unha nova escola substituíndo a que xa había en *Canexol* separando agora aos nenos e as nenas, a casa para o mestre, para o cura, para o médico (estas dúas ultimas nunca chegaron a habitarse), reparación dos lavadoiros, construción dun novo lavadoiro comunitario de maior tamaño, e incluso un graneiro que nunca foi

utilizado como tal. Esta construción dun novo pobo supuxo unha transformación do espazo e das construcións mesmas e dos hábitos das xentes. Dende o punto de vista arquitectónico, o deseño das novas construcións son similares ás do resto dos novos pobos feitos nesa época no estado español, é máis, o seu deseño ten que ver máis con pobos do sur da península (paredes brancas, porches, voadizos, patios interiores, dependencias agrícolas como almacéns, graneiros, etc.,) que coa arquitectura galaica. Hoxe segue a ser o centro social da illa pois parte destas construcións foron adaptadas para as vivendas e dependencias de administración do Parque, mesmo o Centro de Visitantes da Illa foi feito onde fora a escola.



Localización xeográfica.



CAPÍTULO 5

A SÚA HISTORIA



A xente de hoxe son os descendentes dos antigos colonos da illa, que dende mediados do século XIX instalouse nela. En época medieval, esta illa pertencía á igrexa. Será a partir do século XX cando pase a mans privadas e cando algúns deses primeiros colonos decidan asentarse definitivamente na illa enfrontándose a posta en cultivo dunhas terras que levaban séculos sen traballar. Eles nunca foron donos das súas casas e terras e polo seu uso debían pagarlle unha renda ao dono, unha parte dos froitos da terra (en millo) e dos froitos do mar (todo o polbo que pescaban llo tiñan que vender a el). A mediados do século XX é cando se rexistra o maior nivel de ocupación. A partir dese momento comeza a súa caída, especialmente a partir dos anos 70/80 que será cando comece o acelerado descenso da súa

poboación, as súas vivendas queden en estado ruinoso e os campos de cultivo abandonados. Pero cambiaron os tempos e pouco a pouco a xente volveu ás súas casas, aínda que doutro modo: agora residen só en época estival. Os cultivos redúcense a unhas poucas hortas, aumenta o turismo, os horarios dos barcos son máis numerosos que a calquera outro lugar do continente e a illa é dende o 2002 do Parque Nacional e a súa xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

A elaboración do Estudo Histórico e Documental conlevou unha procura exhaustiva e a análise das fontes documentais da historia moderna, ademais da busca bibliográfica completa do arquipélago de Ons, que abarcara tanto temas

relacionados coa propia illa como aqueles temas que puideran gardar algún tipo de relación co obxecto deste traballo.

Para isto fíxose necesario levar a cabo unha consulta bibliográfica, procedendo, ao tempo, á consulta dos bens documentais existentes nos seguintes arquivos: Arquivo Histórico da Deputación de Pontevedra, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, Arquivo Catedralicio de Santiago de Compostela, Arquivo do Concello de Bueu e Arquivo Histórico Nacional. Igualmente visitáronse o Museo de Pontevedra e o Museo Massó. Na procura desta información, ademais da



documentación facilitada polos descendentes de D^a Joaquina Gelabert Castella, foi posible contactar coa familia Riobó, que nos cedeu parte da documentación da súa propiedade.

Nesta busca, por unha banda, obtivemos documentación relevante que axudou a montar a historia da illa pero, por outra, fíxonos conscientes dos grandes baleiros históricos, especialmente antes da época moderna.

A elaboración deste, fíxose atendendo á orde cronolóxica da información de documentación histórica existente da illa de Ons, dende as primeiras noticias de época romana ata a actualidade. De feito, onde hai máis información é no tocante á época contemporánea, especialmente polos cambios na adscrición municipal das illas e

os problemas derivados que se inician pola petición do Marqués de Valladares de que as illas se agreguen a Bueu. Tamén hai información de como a Guerra Civil e, sobre todo, a posguerra influíu nos habitantes da illa, tanto a nivel social, como económico, pasando a ser, a partir dese momento, propiedade do Estado.

Paralelamente, grazas a este estudo histórico puidemos chegar a comprender os procesos dinámicos de poboación – despoboamento - repoboación, asociados a cambios de propietarios e de tipo de propiedade.

Así por exemplo, a documentación histórica da illa remóntase cara o ano 899, no que o monarca Alfonso III dona a illa de *Aunes* ao bispo compostelán (Lucas Álvarez, 1997). A partires


desa data, imos atopar outros documentos que nos permiten observar os diversos cambios de propiedade que se deron ao longo do tempo.


Sucede algo parecido cos procesos de poboación. As entidades arqueolóxicas nos permiten falar dun poboamento prehistórico na illa, constante ou non. No Catastro do Marqués da Ensenada, do século XVIII, a illa aparece deshabitada e, en momentos anteriores a documentación móstranos unha alternancia entre ocupación e abandono; e será, a partires do século XIX, cando pase a estar habitada de forma permanente.



Ocupación da Illa de Ons

Pulse sobre cada punto para ver a información


Nesta liña de tempo inclúe os datos procedentes das investigacións arqueolóxicas, documentos históricos e contemporáneos referidos aos procesos de poboación e despoboamento que tiveron lugar na illa, dende os asentamentos prehistóricos ata a actualidade. Nos círculos grandes aparece un resumo e os círculos pequenos ofrecen transcripcións e reproducións de fontes orixinais.









1603 - 1604




1677



1710




1750 - 1754



1787



Ocupación da Illa de Ons



Libro de la Isla, en los que se pague

1. Benito Maciñeira	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50
	1. Maria	50
2. Carmen Maciñeira	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50
3. San Quintín de Salga	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50
4. Francisco Garcia	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50
5. San Lope	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50
6. Gerónimo de Salga	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50
7. Manuel Corcuera	1. Juan de Salga	150
	1. Maria	150
	1. Maria	50



La que sufre de la Peste del Coraminal
Ayuntamiento del mismo nombre en la
villa de Coruña hace a 4. presente: que
desde esta fecha tiene proyectado dedicar a
la profesión e industria de pescado salado
y pescado llamado frito, cuyo indus-
tria establece en la Isla de Ons por ser
de al distrito de su don con cargo de
que pueda ser incluida en la matrícula
de los de su clase, por esta declaración
los efectos oportunos.



1878

1891

1896

1898

1904

1911





PROYECTO
de
Fuente con Abrevadero y Lavadero
Descubierto para 5 plazas.



1940

1950 -
1951

1958

1959



1960




1961

Excmo. Sr. Gobernador:

El personal encargado de electrificar esta Isla, ha terminado de instalar toda la zona en que está situada la Escuela, dejando ésta al margen de ese beneficio que con tanta necesidad se hace sentir. Por tal motivo y como Nuestra Señorial encargada de las clases en esta escuela mego encoracidamente a esa Excmo. Gobernación se intererese a tal utilidad que siendo humano a la enseñanza, resulta de gran aportación para el desempeño de tan noble servicio.

La Nuestra Señorial
Boruen Boué Boueiro











Propiedade da Illa de Ons

Pulse sobre cada punto para ver a información





Nesta liña de tempo ofrece unha serie de documentos nos que se reflexan os cambios de propiedade que tiveron lugar neste territorio ao longo do tempo. Nos círculos grandes aparece un resumo e nos círculos pequenos ofrécense transcricións e reproducións de fontes orixinais.













...



...





1983 - 1984

2002

2008

12994 LEY 15/2002, de 1 de julio, por la que se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia.

JUAN CARLOS I
REY DE ESPAÑA

A todos los que la presente vieren y entendieren. Sabed: Que las Cortes Generales han aprobado y Yo vengo en sancionar la siguiente Ley.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El Parlamento de Galicia aprobó, en sesión celebrada el 21 de noviembre de 2000, la remisión a las Cortes Generales de la proposición de Ley de Declaración del Parque Nacional de las Islas Atlánticas, en la que se incluyen los archipiélagos de las islas Cies, Ons y Sálvora.

La protección de estos archipiélagos se inició en los años ochenta al declararse, mediante Real Decreto 2497/1980, el Parque Natural de las Islas Cies por sus singulares características de flora, fauna y paisaje. Posteriormente, la Junta de Galicia elaboró el Plan de Ordenación de los Recursos Naturales de las Islas Atlánticas, aprobado por Decreto 274/1999, de 21 de octubre, en el que además de las islas Cies se incluyeron los archipiélagos de Ons y Sálvora, con el fin de conservar la integridad de los ecosistemas presentes en estas islas.

Por otra parte, la existencia de valores naturales, culturales y etnográficos de gran interés en el archipiélago de Cortegada, situado en la ría de Arosa, puestos de

ya tanto zonas terrestres como marinas, la presente Ley prevé las medidas necesarias para la coordinación de las competencias sobre ambos ámbitos.

Artículo 1. Objeto.

1. Se declara el Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia, considerándose su conservación de interés general de la Nación, y se integra en la red de parques nacionales de acuerdo con lo previsto en el artículo 22 de la Ley 4/1989, de 27 de marzo, de conservación de los espacios naturales y de la flora y fauna silvestres.

2. La declaración de las Islas Atlánticas como Parque Nacional tiene por objeto:

a) Proteger la integridad de ecosistemas ligados a zonas costeras y a la plataforma continental de la región eurosiberiana.

b) Asegurar la conservación y recuperación, en su caso, de los hábitats y las especies, así como la preservación de la diversidad genética.

c) Asegurar la protección, recuperación, fomento y difusión de sus valores medioambientales y de su patrimonio natural, regulando de forma compatible con su conservación tanto la actividad investigadora y educativa como el acceso de los visitantes.

d) Promover y apoyar en el interior del parque las actividades tradicionales compatibles con la protección del medio natural.

e) Aportar al patrimonio común una muestra representativa del ecosistema litoral de la región eurosiberiana, incorporando al Parque Nacional marítimo-terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia a los programas nacionales e internacionales de conservación de la bi-

Clase	Subclase	Descripción	Importe
01.120.06.312AX			9.154,90
01.121.00.312AX			16.726,44
01.121.01.312AX			6.528,84
01.122.312AX			450,14
01.160.00.312AX			4.786,96
Total personal funcionamiento			80.861,38
Personal laboral:			
01.130.00.312AX			3.697.880,34
01.130.01.312AX			278.611,82
01.137.312AX			22.280,42
01.160.00.312AX			1.360.632,28
Total personal laboral			5.359.403,86
Total costes efectivos			5.440.271,34

11101 REAL DECRETO 1082/2008, de 30 de junio, sobre ampliación de las funciones y servicios de la Administración del Estado traslucidos a la Comunidad Autónoma de Galicia, en materia de conservación de la naturaleza (Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia).

La Constitución Española, en el artículo 149.1.23.º, reserva al Estado la competencia exclusiva en materia de legislación básica sobre protección del medio ambiente, sin perjuicio de las facultades de las comunidades autónomas de establecer normas adicionales de protección; así como la legislación básica sobre montes, aprovechamientos forestales y vías pecuarias.

Por su parte, el Estatuto de Autonomía para Galicia, aprobado por la Ley Orgánica 1/1982, de 6 de abril, establece en su artículo 23, apartados 10, 11, 15 y 30, que la



CAPÍTULO 6

BIBLIOGRAFÍA

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS CONSULTADAS

Arrieta Urtizberea, I. 2010. Patrimonialización cultural y natural: un proceso, múltiples aproximaciones. En I. Arrieta Urtizberea (ed.) *Museos y Parques Naturales: comunidades locales, administraciones públicas y patrimonialización de la cultura y la naturaleza*. Servicio editorial del País Vasco. Pp: 11-20.

Alonso Romero, Fernando. 1981. Los orígenes del mito de la Santa Compañía de las islas de Ons y de Sálvora. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXXII, 96-97: 285-306.

Alonso Romero, F. 1984. O ocaso da cultura popular na illa de Ons. En: I Coloquio de Antropoloxía de Galicia, Museo do Pobo Galego 4-6 de febreiro 1982. *Cuadernos do Seminario de Sargadelos*. A Coruña: Edicións do Castro. Pp. 178-181.

Alonso Romero, Fernando. 2009. O petroglifo da illa de Ons. *Revista Aunios*, 14: 8 -9. O Grove.

Acuña Castroviejo, Fernando; Alles León, María José. 2001-2002. Nuevas aportaciones a los mosaicos romanos de Galicia. *Studia E: Cuadrado, An Murcia*. 16-17, pp.: 365-374.

Ballesteros-Arias, Paula. 2008. O xacemento romano do cantil de Canexol (Illa de Ons, Bueu). O esquecemento do recurso mariño. *Revista Aunios* 13: 45-54. O Grove.

Ballesteros-Arias, Paula. 2009. O aproveitamento do mar ao longo do tempo. A documentación do xacemento romano de Canexol (Illa de Ons, Bueu). *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 122. IEGPS-CSIC. Pp. 67-90. <http://hdl.handle.net/10261/20451>

Ballesteros-Arias, Paula. 2010. *Estudo arqueolóxico e etnográfico da paisaxe cultural das Illas Ons (Bueu, Pontevedra)*, Memoria Técnica. Entregada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia con data de maio de 2010. Inédita.

Ballesteros-Arias, Paula. 2012. O patrimonio cultural da illa de Ons. Impronta do pasado, identidade dunha paisaxe. En Margarita Riobó Serván (Ed.) *Ons e Onza nos arquiélagos galegos*. Institución Cultural Isleña (ICI): 57-124. <http://hdl.handle.net/10261/56409>

Ballesteros-Arias, Paula.; Güimil-Fariña, Alejandro y López-Romero, Elías. 2013. Estudo arqueolóxico do Parque nacional Illas Atlánticas de Galicia. Prospección superficial e vulnerabilidade. *CAPA (Cuadernos de Arqueoloxía e Patrimonio)* 33. CSIC. Madrid. <http://hdl.handle.net/10261/74466>

Ballesteros-Arias, Paula y Seoane-Veiga, Yolanda 2012. Gravados rupestres na illa de Ons. *Revista Aunios*, 17: 57-60. O Grove. <http://hdl.handle.net/10261/51071>

Blanco Chao, Ramón y Costa-Casais, Manuela. 2001. Influencia de formas y depósitos antiguos en la dinámica litoral: un ejemplo de la costa sur de Pontevedra (Galicia). En *Actas del XVII Congreso de Geógrafos Españoles*. Univ. de Oviedo, CeCodet; AGE, GEA: 137-140.

Bonilla, A. 2008. Prospección arqueolóxica para a recuperación, mantemento e conservación do DPMT da illa de Sálvora, Riveira (A Coruña). En P. Varela Campos (Coord) *Actuacións Arqueolóxicas, ano 2008*. Xunta de Galicia, 330-31.

Criado-Boado, F. 2001. La memoria y su huella. Sobre arqueología, patrimonio e identidad. *Claves de Razón Práctica* 115, pp. 36-43. <http://hdl.handle.net/10261/11212>

Criado-Boado, F., Ballesteros-Arias, P. e Dabezies, J. M. 2009. Ons: mar, terra e identidade. Documental. <http://hdl.handle.net/10261/35795>

Dabezies, Juan Martín e Ballesteros-Arias, Paula. 2013. Perceptions and Appropriations of Discourses in the National Park Island of Ons (Galicia, Spain) In: Silva, Luís & Elisabete Figueiredo (Eds.), *Shaping Rural Areas in Europe. Perceptions and Outcomes on the Present and the Future*. Dordrecht: Springer, 41-56

Daire, M.Y., López-Romero, E., Proust J.N., Regnauld, D H., Pian S. e Shi B. 2012: Coastal changes and cultural heritage (1): Assessment of the vulnerability of the coastal heritage in Western France. *Journal of Island and Coastal Archaeology* 7(2): 168-182

Das Casas, Álvaro. 1934. A illa de Ons. *Revista Nós*, 2: 167-181.

De Llano, Pedro. 1981. *A Arquitectura dunha comunidade desaparecida*. Cuadernos do Seminario de Sargadelos. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.

De la Peña Santos, Antonio. 2003. As illas atlánticas, unha breve ollada á súa máis antiga ocupación humana. *Revista Aunios*, 7: 55-59. O Grove.

Filgueira Valverde, José y García Alén, Alfredo. 1954. Materiales para la carta arqueológica de la provincia de Pontevedra. *Rev. Museo de Pontevedra*, VIII. Pontevedra.

González-Ruibal, Alfredo., Rodríguez Martínez, Rafael, Aboal-Fernández, Roberto, Castro Hierro, Virginia. 2007. Comercio mediterráneo en el Castro de Montealegre (Pontevedra, Galicia). Siglo II a.C. – inicios del siglo I d.C. *Archivo Español de Arqueología*, 80: 43-74. <http://hdl.handle.net/10261/13496>

Hobsbawm, E. y Ranger, T. (Ed.) 1983. *The Invention of tradition*. Cambridge University Press.

Izquierdo, J. 2010. Culturas campesinas y conservación del patrimonio natur-rural. En I. Arrieta Urtizberea (ed.) *Museos y Parques Naturales: comunidades locales, administraciones públicas y patrimonialización de la cultura y la naturaleza*. Servicio editorial del País Vasco. Pp. 109-134.

López-Romero, Elías, Ballesteros-Arias, Paula, Daire, Marie Yvane e Güimil-Fariña, Alejandro. 2012. *Les Îles Atlantiques de Galice (NW Ibérique)*. Archéologie et vulnérabilité. *Bulletin Amarai*. Rennes.

Lourenzo Fernández, Xurxo. 1934. Notas do meu diario arqueolóxico. *Revista Nós*, tomo XI, 130: 74-88.

Lucas Álvarez, Manuel. 1997. *La documentación del Tumbo A de la Catedral de Santiago de Compostela. Estudio y edición*. León, Centro de Estudio e Investigación "San Isidoro.

Martínez-Cortizas, Antonio e Costa-Casais, Manuela. 1997. Indicios de variaciones del nivel del mar en la ría de Vigo

durante los últimos 3000 años. *Gallaecia* 16: 23-47. <http://hdl.handle.net/10261/54522>

Mediavilla García, C., Serrada Hierro, J., Serrano Navarro, R. 2011. La red de Parques Nacionales en la sociedad. Estudio explicativo sobre la percepción social de la Red de Parques Nacionales. *Cuadernos de la Red de Parques Nacionales*. Organismo Autónomo Parques Nacionales (OAPN) y Ministerio de Medio Ambiente y Medio rural y Marino.

Molina Rodríguez, F., 1979. *Producción e ecoloxía do monte galego*, Revista Galega de Estudos Agrarios, 2, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, servicio de publicacións. Pp. 34-35.

Monteagudo, Luís. 1977. *Die Beile auf der Iberischen Halbinsel*. München: C. H. Beck'sche Verlagsbuchhandlung.

Mörling, Staffan. 1989. *Las embarcaciones tradicionales de Galicia*. Consellería de Pesca. Dirección Xeral de Formación e Promoción Social.

Mörling, Staffan. 2005. *Lanchas e dornas. A estabilidade cultural e a morfoloxía das embarcacións na costa occidental de Galicia*. Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Mörling, Staffan; Otero Patiño, Josefa y Mörling, Mikael. 2006. *A Illa de Ons, unha cultura, unha identidade*. Xunta de Galicia. Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Pardellas de Blas, C. 2003. A propiedade da illa de Ons, "O Cabido catedralicio" "Carta de Hipólito de Sa Bravo". *Revista Aunios*,. 7: 41- 45. O Grove.

Pardellas de Blas, C. 2011. Ons: Propiedade-Administracións-Vecinos (III) "Finais século XX – Principios século XXI". *Revista Aunios*, O Grove.

Pazos Pérez, Lino, J. 2002. *Guerra submarina en Finisterre (1914–1945)*. *Sumergibles, submarinos*. Autor-Editor.

Pereira Fernández, X. M. 2007. A propiedade da illa de Ons: unha aproximación de urxencia. *Revista Aunios*, 12: 2- 6. O Grove.

Portela Pazos, Salustiano. 1954. Apuntes para la Historia de la Isla de Ons. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, IX: 35- 73. Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento.

Rodríguez-Villasante Prieto, J. Antonio. 1984. *Historia y tipología arquitectónica de las defensas de Galicia: funcionalidad, forma y ejecución del diseño clasicista*. Sada, A Coruña: Edicións do Castro.

Sanchez Cidrás, Arturo (Coord.) 1997. Lendas e mitos de... Bueu. *Revista O Candil*, 15. Colexio Público de Bueu.

Santos Estévez, Manuel. 2008. Petroglifos y paisaje social en la prehistoria reciente del noroeste de la Península Ibérica. *Traballos de Arqueoloxía y Patrimonio*, Tapa 38. IEGPS-CSIC. Santiago de Compostela. <http://hdl.handle.net/10261/37908>

Santos Estévez, Manuel e Seoane-Veiga, Yolanda 2006. *Os petróglifos do castro de Montealegre: entre a pedra e o mar. En O castro de Montealegre* (Aboal, R y Castro V. coord). Toxosoutos: Noia.

Suárez Piñeiro, A. M^a. 2003. La explotación del mar en la Galicia romana: El ejemplo de las instalaciones de salazón. *Cuadernos de Estudios Gallegos*, n° 116, tomo I. Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Vilas Paz, Ana; Gamallo Liste, Beatriz; Framil Barreiro, Jesús; Bomache López, Jorge; Sanz Ochoa, Katya; Lois Silva, Marta e Toubes Porto, Mónica. 2005. *Guía de visita do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia*. O. A. Parques Nacionales.

ENLACES:

http://www.apmarin.com/es_faro_ons.html

<http://descubrobueu.wix.com/bueu>

<http://pares.mcu.es/Catastro>

http://reddeparquesnacionales.mma.es/parques/cies/home_parque_cies.htm

http://www.apmarin.com/es_faro_ons.html.

<http://www.farodevigo.es/portada-o-morrazo/2009/05/05/petroglifo-ons-sale-luz/323477.html>

<http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/>

CÓMO CITAR ESTE LIBRO

Use este widget para xerar unha cita bibliográfica
deste libro

Pulse para generar la cita bibliográfica de este
libro

Generar cita (Castellano)

Generar cita (Gallego)

Generar cita (Inglés)